



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

Anuncio

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria realizada o 31 de marzo de 2026, acordou dar aprobación de xeito inicial á Ordenanza reguladora do servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, quedando aprobada de xeito definitivo despois de dar cumprimento co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación á información pública, procedéndose á publicación do texto íntegro en dito Boletín Oficial a efectos da súa entrada en vigor.

Lugo, 16 de xuño de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NOS CENTROS ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE XESTIÓN DIRECTA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Carácter das prestacións

Artigo 3. Ámbito

Artigo 4. Obxectivos

Artigo 5. Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo

Artigo 6. Incompatibilidades

TÍTULO I. ACCESO AO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL

Artigo 7. Requisitos para ser persoa usuaria

Artigo 8. Tramitación da solicitude

Artigo 9. Tramitación do expediente

Artigo 10. Resolución segundo a modalidade de tramitación

Artigo 11. Trámite previo á ocupación da praza

Artigo 12. Procedemento de ocupación efectiva da praza

Artigo 13. Período de adaptación

Artigo 14. Suspensión temporal do servizo

Artigo 15. Dereitos e deberes das persoas usuarias

Artigo 16. Causas de baixa.

Artigo 17. Órgano competente para a resolución da baixa no servizo

TÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 18. Responsables

Artigo 19. Infraccións leves

Artigo 20. Infraccións graves

Artigo 21. Infraccións moi graves

Artigo 22. Reincidencia de infraccións

Artigo 23. Sancións

Artigo 24. Procedemento sancionador

Artigo 25. Prescrición de infraccións e sancións.

TÍTULO III: PARTICIPACIÓN NO CUSTO DOS SERVIZOS.

Artigo 26. Persoas usuarias dos servizos.

Artigo 27. Suposto de feito e obrigado/a ao pagamento dos servizos.

Artigo 28. Réxime xurídico de participación no custe dos servizos.

Artigo 29. Participación no financiamento do custo dos servizos.

Disposicións Adicionais

Disposición Adicional Primeira. Servizos complementarios

Disposicións finais

Disposicións final primeira Modificación da Ordenanza

Disposicións final segunda Entrada en vigor

ANEXOS I a VI

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NOS CENTROS ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE XESTIÓN DIRECTA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cambios demográficos que se están producindo na sociedade requiren dunha revisión das formulacións vixentes a nivel social, económico e político, maioritariamente no entorno rural, así a función e a importancia das zonas rurais están subestimadas e insuficientemente recompensadas. A administración pública debe organizar os medios para mellorar a calidade de vida rural, lograr un desenvolvemento territorial equilibrado e estimular o crecemento económico nas zonas rurais, con especial atención ao colectivo de persoas maiores e as súas especiais necesidades, as que padecen algún tipo de limitación, non só física senón tamén biopsicosocial, fan que en moitas ocasións a permanencia no seu domicilio habitual non cubra a totalidade das atencións necesarias que garantan o seu benestar. Polo tanto, é necesario habilitar servizos destinados a paliar estes déficits a través de apoios puntuais, continuos e/ou permanentes. Non se debe esquecer a aquelas persoas maiores, que estando nunha situación de autonomía plena, desexan acceder a recursos alternativos convivenciais, evitando o sentimento de soidade vencellado aos procesos de despoboación que presentan moitos núcleos rurais de Galicia.

A Constitución Española de 1978, indica no seu artigo 50, que os poderes públicos promoverán servizos sociais que permitan garantir a protección e atención particular que precisan os colectivos de persoas maiores, que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio. Por outra banda, no artigo 137, establécese que o estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e en Comunidades Autónomas, gozando de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), establece que as Deputacións teñen como fins propios e específicos os enumerados no seu artigo 31.2, sendo fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de equilibrio intermunicipais e solidariedade, no marco da política económica e social. De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. Así, na citada Lei no artigo 36.1 LBRL, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando no apartado c) a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. O artigo 36 da LBRL, modificado pola LRSAL, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. Por outra banda o artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (en diante, LALGA) establece que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos en especial a realización de obras en todo o territorio provincial.

Conforme ao sinalado na Constitución española no artigo 148.1.20, a nosa Comunidade Autónoma, asume a competencia en materia de asistencia social, recollida no artigo 27.23º do Estatuto de Autonomía de Galicia, polo que na súa virtude, aprobouse a Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (en diante, LSSG), tendo por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a

garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos desenvolvidos no artigo 3 da citada Lei, destacando entre outros, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, previndo a mesma, así como situacións de exclusión e desigualdade, promovendo e garantindo o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais. Estes rexeranse en todo caso polos Principios xerais establecidos no artigo 4 da LSSG, como son os principios de: responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

A LSSG establece a estrutura básica dos servizos sociais de Galicia, que se configura en forma de rede, conforme con dous niveis de actuación: Servizos sociais comunitarios, con dúas modalidades, básicos e específicos e Servizos sociais especializados. Serán funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, recollidas no artigo 13 da LSSG, a atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal, así como, a xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas que posibiliten no seu ámbito, o logro dos obxectivos recollidos na LSSG e no marco do Plan estratéxico de servizos sociais. Así mesmo, no artigo 20 da LSSG, clasifícase dentro do Catálogo de Servizos Sociais, a atención residencial, que comporta aloxamento continuado ou temporal substitutivo do fogar coma servizo e actuación de natureza material ou tecnolóxica.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en Situación de Dependencia, establece na exposición de motivos que a atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social dos países desenvolvidos. O reto non é outro que atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse en situación de especial vulnerabilidade, requiren apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria, alcanzar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadanía. Na Lei regúlanse as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas. No seu artigo 4. Dereitos e obrigacións das persoas en situación de dependencia, establece que as persoas en situación de dependencia terán dereito, con independencia do lugar do territorio do Estado español onde residan, a acceder, en condicións de igualdade, ás prestacións e servizos previstos nesta lei, nos termos establecidos na mesma. Este dereito debe facerse efectivo tamén á poboación que habita o rural da Provincia de Lugo.

No mesmo senso, en relación cos dereitos da cidadanía nas contornas rurais pronúnciase a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, a cal regula e establece as medidas para favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural en tanto que supoñen condicións básicas que garantan a igualdade de toda á cidadanía. Así esta lei promove manter e mellorar o nivel de poboación do medio rural e elevar o grao de benestar da súa cidadanía, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión.

Para máis abastanza neste eido, a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, ten por obxecto establecer os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia, acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, que favoreza un desenvolvemento social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de forma que as persoas consideren Galicia como o lugar idóneo para vivir, establecerse e, se así o desexan, ter fillas e fillos e desenvolver o proxecto familiar que libremente escollan. Esta lei establece os principios e as liñas de actuación das administracións públicas de Galicia no deseño e desenvolvemento das súas políticas, sendo un dos principios reitores o equilibrio territorial, a través dunha ordenación equilibrada do territorio que garanta o acceso equitativo ás oportunidades e aos servizos públicos e corrixa as desigualdades entre os diferentes territorios de Galicia e as zonas de interior e de costa e, particularmente, a polarización entre o medio rural e o urbano. Así, no seu artigo 78 da Lei 5/2021 contéplase a consideración dos desequilibrios demográficos, no que expresamente refire que as administracións públicas de Galicia, no deseño e desenvolvemento das súas políticas e servizos públicos, terán en conta o envellecemento da poboación residente no medio rural e costeiro non urbano, introducindo as medidas necesarias para corrixir estes desequilibrios.

Dende a perspectiva da prestación de servizos, as persoas de idade avanzada demandan e consomen, por referencia ao conxunto da poboación, menos servizos educativos e máis servizos sociosanitarios. A escasa densidade de poboación e a dispersión dos núcleos rurais dificultan a economía de escala, as persoas maiores dependen maioritariamente da Administración Pública como provedora de servizos.

Os principios inspiradores da presente Ordenanza serán a mellora do benestar social das persoas que viven no medio rural, á vez que se procurará o desenvolvemento territorial equilibrado que estimule o crecemento económico nestas zonas, provendo de servizos de atención residencial que permitan unha equidade real e efectiva, garantindo o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos de proximidade.

Así regularase nesta Ordenanza o réxime de acceso ao servizo de atención residencial na rede de centros de atención a persoas maiores da Deputación Provincial de Lugo de xestión directa, dando prioridade á permanencia e integración das persoas na súa contorna familiar e social habitual.

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

É obxecto da presente ordenanza:

- a) Establecer os requisitos e condicións para o acceso ao servizo público de atención residencial nos centros de atención a persoas maiores de xestión directa da Deputación Provincial de Lugo
- b) Establecer o procedemento aplicable para a tramitación e adxudicación do citado servizo, así como, determinar o réxime de incompatibilidades.
- c) Aprobar o Baremo de Valoración da Necesidade e Idoneidade (BVNI) co que se establecerá a orde de prelación no acceso ao servizo.
- d) Determinar a autonomía da persoa beneficiaria para a realización das actividades da vida diaria.

Artigo 2. Carácter das prestacións

O servizo público de atención residencial prestados nos centros de atención a maiores da Deputación Provincial de Lugo de xestión directa son unha serie de establecementos públicos enmarcados dentro dos servizos sociais comunitarios específicos os cales prestarán servizos de atención diúrna, nocturna, integral de xeito permanente ou temporal ás persoas cunha idade igual ou superior ós 65 anos, ou, excepcionalmente ás persoas maiores de 60 anos, que necesiten de apoio ou axuda doutras para a realización das súas actividades da vida diaria, así como, aquelas que por circunstancias persoais e/ou sociais poidan equipararse ás do mencionado colectivo, nun espazo e instalacións destinados e autorizados a tal fin, segundo o establecido na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243 /1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención ás persoas maiores.

Os servizos aos que se refire a presente Ordenanza teñen carácter de prestacións técnicas e materiais de acordo co establecido na LSSG.

Artigo 3. Ámbito

O ámbito de aplicación desta ordenanza son os servizos públicos de atención residencial nos centros de atención a persoas maiores (CAMS) da Deputación Provincial de Lugo de xestión directa integrados polo servizo de atención residencial.

Artigo 4. Obxectivos

O obxectivo xeral do servizo é favorecer a permanencia e integración das persoas na súa contorna familiar e social habitual, que malia teren limitacións na súa autonomía ou por atoparse en situación de risco ou illamento social, precisan de atención directa, permanente ou temporal.

Os obxectivos específicos son:

- a) Prestar unha atención especializada e global centrada na persoa, tratando de acadar o benestar biopsicosocial das mesmas.
- b) Garantir a igualdade e a non discriminación por razóns de sexo, relixión, cultura ou por razóns económicas.
- c) Previr as situacións de dependencia mediante o fomento da autonomía persoal.
- d) Promover aquelas actividades que favorezan o envellecemento activo.
- e) Ofrecer un apoio profesional ás persoas usuarias e as súas familias.
- f) Favorecer a adaptación ao servizo.
- g) Garantir a cobertura de necesidades da vida diaria das persoas.

Artigo 5. Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo

O servizo regulado na presente ordenanza financiarase coa participación económica das persoas usuarias, mediante o pagamento do prezo público que se establecerá mediante unha Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, ou normativa que a complementa e/ou substitúa.

Artigo 6. Incompatibilidades

Co fin de garantir a permanencia na contorna das persoas en situación de vulnerabilidade, poderase establecer a compatibilidade entre prestacións e servizos para apoio, cuidados e atención. Esta compatibilidade esixirá unha valoración técnica favorable, sendo recollida expresamente no modelo de Informe de Valoración Social (en diante, IVS), recollido no Anexo I.

A prestación do servizo de público de atención residencial nos CAMS será incompatible coa prestación dos servizos financiados por fondos públicos do Servizo de Axuda no Fogar e de Teleasistencia na súa modalidade básica, no caso de acceso mediante a modalidade ordinaria.

TITULO I. ACCESO AO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL

Artigo 7. Requisitos para ser persoa usuaria

Serán requisitos indispensables para acceder ao servizo regulado nesta Ordenanza os seguintes:

- a) Estar empadroadado/a nalgún dos concellos da provincia de Lugo.
- b) Atoparse nunha situación de necesidade, vulnerabilidade ou risco por razóns biospicoasais.
- c) Non presentar cadros de alteracións conductuais que interfiran no normal funcionamento do centro, ou unha situación socio-sanitaria que impida a súa atención no centro cuns mínimos de garantías e calidade.
- d) Ter cumpridos 65 anos e estar nunha situación que faga aconsellable a súa atención nun centro de servizos sociais. Excepcionalmente, poderán acceder persoas maiores de 60 anos, cando se atopen nunha situación que aconselle o acceso ao centro. Dita excepcionalidade, deberá ser avaliada no correspondente IVS.
- e) Acadar a puntuación mínima no Baremo de Valoración da Necesidade e Idoneidade, en diante BVNI (Anexo II) de 100 puntos, agás que se acrediten circunstancias biospicoasais, que aconsellen non ter en conta dito requisito. En todo caso, será estritamente necesario que esta circunstancia estea avaliada no IVS e demais documentación xustificativa, e que teña conformidade da Comisión Mixta de Valoración (en adiante CMV).
- f) Recoller a información respecto a situación de autonomía da persoa conforme ao Índice de Barthel (Anexo III). No caso de persoas con deterioro cognitivo a situación de autonomía pode ser modificada cando quede acreditado no IVS.

As persoas que accedan pola vía da vinculación de feito regulada no artigo 7.1, non terán que cumprir os requisitos relacionados neste artigo.

Artigo 7.1 Persoas con vinculación de feito.

De forma excepcional e co obxecto de manter a unidade familiar, poderá recoñecerse a condición de persoa usuaria no servizo público de atención residencial, como persoa vinculada afectivamente da persoa solicitante principal a quen, non reunindo todos os requisitos específicos establecidos anteriormente, se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ser cónxuxe ou persoa en relación análoga de afectividade.
- b) Ser parente por consanguinidade ata o segundo grao, sempre que requira a mesma atención especializada que require a persoa solicitante principal e o coidado desta dependa da solicitante/usuaria principal. Esta situación deberá quedar acreditada no IVS.

Con carácter xeral, a solicitude para acceder como persoa con vinculación de feito, deberá presentarse no momento en que se formule a solicitude da persoa solicitante principal e seguindo o mesmo procedemento, de xeito que ambas accedan de forma conxunta.

En todo caso a excepcionalidade de non cumprimento dos requisitos deberá ser avaliada no correspondente IVS previo á resolución. Esta situación poderá ser reavaliada cando as circunstancias así o aconsellen, podendo emitirse un informe desfavorable o que implicará a perda do dereito da condición de persoa usuaria, pola vía de vinculación de feito.

Artigo 8. Tramitación da solicitude

O procedemento para o acceso iniciarase a pedimento de parte ou quen ostente a figura de apoio xudicial ou gardadora de feito da solicitante. De forma moi excepcional e por razóns humanitarias, poderase iniciar os trámites de inicio de solicitude de oficio por parte da persoa que exerza como profesional de referencia dos servizos sociais de calquera das administracións locais da Provincia de Lugo.

A solicitude de acceso, deberá conter a seguinte documentación:

- a) Solicitude debidamente cumprimentada (Anexo VI), segundo o modelo establecido nesta ordenanza. A solicitude deberá ser rexistrada segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dirixida á Presidencia da Deputación de Lugo.
- b) Copia do Documento Nacional de Identidade ou do Número de Identificación de Estranxeiros/as da persoa solicitante.
- c) Copia do Documento Nacional de Identidade ou do Número de Identificación de Estranxeiros/as da persoa que ostente a figura de apoio xudicial ou gardadora de feito da solicitante, de ser o caso.
- d) Copia da tarxeta de asistencia sanitaria da solicitante.
- e) Certificado de empadramento histórico da solicitante e da unidade de convivencia.

- f) Certificado de pensións emitidas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), pola Dirección Xeral de Custes de Persoal e Pensións Públicas para as Pensións de Clases Pasivas, ou polo Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), ou autorización expresa para que estes datos sexan consultados pola Administración.
- g) Declaración responsable de disposicións patrimoniais (Anexo IV)
- h) Certificado bancario no que se reflita os ingresos anuais, do exercicio inmediatamente anterior, correspondente a pensións provenientes do estranxeiro, de ser o caso.
- i) Informe fiscal dos depósitos bancarios nos que figure a persoa solicitante con indicación do saldo medio e saldo final a 31 de decembro do último exercicio fiscal dispoñible.
- k) Copia da resolución do Grao de dependencia e/ou copia da resolución do Programa Individual de Atención, no seu caso.
- l) Copia da declaración do IRPF do último exercicio fiscal pechado ou autorización expresa para que estes datos sexan consultados pola Administración. No caso de non ter obriga de presentar o IRPF, certificado no que se acredite dita circunstancia e certificado de datos fiscais relativos ao último exercicio da persoa solicitante ou autorización expresa para que estes datos sexan consultados pola Administración.
- m) Certificado do Catastro para os bens inmoables, onde se reflita a referencia catastral, antigüidade e valor catastral, ou autorización expresa para que estes datos sexan consultados pola Administración.
- n) Calquera outra documentación, de valor probatorio, que se considere necesaria para a avaliación dos criterios establecidos nesta Ordenanza (certificado de discapacidade, resolución da condición de persoa usuaria do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal), así como aquela que a criterio dos servizos sociais da Deputación de Lugo, poida ser necesaria para a determinación da capacidade económica da persoa solicitante, ou para unha mellor avaliación social.

Artigo 9. Tramitación do expediente

Rexistrada a solicitude os servizos sociais da Deputación de Lugo realizarán os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba realizarse a valoración e pronunciarse a resolución.

Durante toda a tramitación garantirase o cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, así como, do establecido no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.

1. Avaliación social

Os servizos sociais da Deputación de Lugo, co obxecto de levar a cabo a avaliación social, e tendo en conta o establecido no artigo anterior:

1. Emitirán un IVS, no cal se avaliará a adecuación do recurso á necesidade, axustándose ao modelo establecido a tal efecto na presente Ordenanza.
2. Aplicarán o BVNI, que establece a puntuación para o acceso aos servizos regulados na presente Ordenanza.
3. Aplicarán o Índice de Barthel para determinar o grao de autonomía das persoas para as actividades da vida diaria. A este respecto as persoas que acaden unha puntuación inferior ou igual a 50 puntos na escala terán a consideración de persoa dependente e superior a 50 puntos a consideración de autónoma. En todo caso existirán dúas excepcións:
 - No caso de que a persoa presente deterioro cognitivo, aínda acadando máis de 50 puntos poderán ter a consideración de dependentes acreditando esta circunstancia no IVS.
 - No caso en que a persoa teña recoñecida unha dependencia en grado II ou III, con independencia da puntuación obtida no Índice de Barthel terá a consideración de persoa dependente.
4. Os servizos sociais da Deputación de Lugo, dentro do marco colaborativo das entidades locais e en aras de dar maior axilidade e/ou por razóns de coñecemento das circunstancias biopsicosociais da persoa solicitante, poderán solicitar a colaboración da persoa profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos da entidade local vinculada coa solicitante para levar a cabo a avaliación social.

2. Modalidades de tramitación

Diferenciaranse dúas modalidades de tramitación: ordinaria e excepcional:

a) Modalidade ordinaria

Esta modalidade será empregada con carácter xeral. No caso de que o expediente de solicitude se atopase incompleto ou faltase algún dos documentos necesarios para a súa tramitación, requirirase á persoa solicitante, de acordo co establecido na LPACAP, para que emende a falta e acompañe os documentos preceptivos, con apercibimento de que se así non se fixese entenderase por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos na citada Lei 39/2015.

Unha vez completado o expediente de solicitude, os servizos sociais da Deputación de Lugo, realizarán de xeito periódico ou cando as circunstancias así o aconsellen unha Comisión Mixta de Valoración. Esta Comisión estará composta pola persoa que exerza a xefatura de Servizo de Benestar Social e Igualdade, ou en quen delegue, e dúas persoas técnicas dos servizos sociais da Deputación de Lugo con titulación vinculada coa área social. A CMV emitirá un informe no cal se recollerá a relación de persoas avaliadas favorable e desfavorablemente para o acceso ao servizo de atención residencial de cada CAM. Así mesmo, constará para cada persoa e CAM solicitado a puntuación obtida na aplicación do BVIN, grao de autonomía no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria e o prezo público, establecendo a correspondente orde de prelación. No caso de empate entre as persoas solicitantes dun mesmo CAM, dirimirase o mesmo realizando unha avaliación específica na que se terán en conta os seguintes criterios na orde que a continuación se establece:

1. Puntuación obtida na escala de proximidade ao recurso, priorizando a puntuación superior.
2. Puntuación obtida na escala social, priorizando a puntuación superior
3. Data rexistro da solicitude, priorizando a data mais antiga.

No informe da CMV tamén constará as causas ou circunstancias dos expedientes de solicitude que non obtiveron a valoración favorable. As persoas avaliadas favorablemente para cada CAM, incluíranse nas listaxes de agarda correspondente.

De xeito excepcional, ben sexan por razóns da persoa solicitante ou para garantir o correcto funcionamento do centro en aras de favorecer unha mellor calidade prestacional, a CMV por acordo unánime poderá adaptar a orden acceso, sempre e cando consten acreditas as citadas circunstancias excepcionais no IVS.

b) Modalidade excepcional (emerxencia ou respiro)

Esta modalidade contempla dúas vías excepcionais de acceso temporal aos servizos. Esta asignación de praza terá unha duración máxima de 30 días os cales poderan prorrogarse unicamente por circunstancias excepcionais outros 30 días, previo informe de valoración dos servizos sociais da Deputación de Lugo e coa correspondente resolución favorable da Presidencia da Deputación.

Se a persoa precisara os servizos de maneira permanente, esta deberá tramitar unha solicitude pola vía ordinaria.

b 1. A efectos desta ordenanza considerarase situación de emerxencia a toda circunstancia excepcional que afecte á persoa solicitante e ou á persoa que exerza de coidadora principal da mesma e que polo seu especial risco biopsicosocial, requira un acceso inmediato aos servizos regulados nesta ordenanza, co obxecto de garantir o seus coidados básicos e benestar.

b 2. Considerarase situación de respiro, aqueles períodos temporais nos que as persoas coidadoras precisen dun período de descanso contribuíndo a previr situacións de sobrecarga destes que poidan derivar en esgotamento físico ou psíquico, posibilitando un mantemento e/ou mellora na calidade de vida da persoa usuaria.

Para ambas vías da modalidade excepcional, poderase simplificar a documentación no expediente de solicitude, sen menoscabo de que sexa completado con posterioridade ao seu acceso. En todo caso deberá constar o IVS, no cal se acredite a necesidade de acceso inmediato ao servizo mediante esta vía e o Índice de Barthel. O acceso, sempre e en todo caso, estará condicionado á existencia de dispoñibilidade de praza.

En caso de existir mais solicitudes que prazas dispoñibles, terán preferencia aquelas solicitudes motivadas por unha situación de emerxencia.

No caso de empate entre as persoas solicitantes de igual vía, dirimirase o mesmo realizando unha avaliación específica que deberá ser recollida no IVS na que se terán en conta os seguintes criterios, e na orde que a continuación se establece:

1. Incapacidade temporal do/a coidador/a habitual ou incapacidade temporal da persoa solicitante
2. Factores de risco sociosanitarios que motivan unha situación de vulnerabilidade.
4. Data rexistro da solicitude, priorizando a data mais antiga.

Os requisitos para acceder a estes servizos serán, en todo caso, os establecidos nos artigos 7 desta Ordenanza, agás a puntuación mínima.

Artigo 10. Resolución segundo a modalidade de tramitación

a) Modalidade ordinaria

Vistos os expedientes e o informe preceptivo emitido pola Comisión Mixta de Valoración, procederase a dar a súa aprobación mediante resolución da Presidencia da Deputación de Lugo, quedando recollida na mesma, como mínimo, a relación de persoas valoradas favorablemente para acceder ao servizo con indicación do CAM, da puntuación obtida no BVNI, grao de autonomía, capacidade económica e prezo público a aboar pola persoa, así como, indicación da súa inclusión nas listaxes de agarda correspondentes. A Resolución recollerá, no caso de existir, a relación de persoas valoradas desfavorablemente para acceder ao servizo con indicación da motivación desta circunstancia.

A citada Resolución será notificada segundo o establecido no artigo 42 da Lei 39/2015. En todo caso, os servizos sociais da Deputación de Lugo, ou en quen delegue, poranse en contacto coas persoas beneficiarias informándoas da situación de concesión e do procedemento a seguir para a aceptación do servizo asignado.

Ante cambios substanciais da situación das persoas en situación de agarda, estas poderán solicitar unha revisión do seu expediente.

b) Modalidade excepcional (emerxencia ou respiro)

Os expedientes tramitados baixo esta modalidade, serán resoltos mediante resolución da Presidencia da Deputación de Lugo, tendo en conta a existencia de prazas dispoñibles para tal fin, sendo só preceptivo o IVS dos servizos sociais da Deputación de Lugo ou dos servizos sociais nas que delegue, no cal deberá constar si se acredita a modalidade solicitada e, no caso de ser favorable, a existencia de prazas dispoñibles.

Os servizos sociais da Deputación de Lugo, ou en quen delegue, porase en contacto coa beneficiaria informándoa da situación de concesión e do procedemento a seguir para a aceptación do recurso asignado, sen menoscabo de realizar a correspondente notificación segundo o establecido no artigo 42 da Lei 39/2015.

Artigo 11. Trámite previo á ocupación da praza

Unha vez concedida a praza, e con anterioridade a súa ocupación efectiva, procederase dende os servizos sociais da Deputación de Lugo a xerar o expediente social individual previo ao acceso, para o cal as beneficiarias terán de achegar a documentación solicitada. Esta documentación deberá ser presentada, pola persoa beneficiaria ou a persoa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito de ser o caso, dentro dos seguintes 10 días á notificación da resolución de concesión do servizo, agás que dende os servizos sociais aconsellen outro prazo, do cal se dará coñecemento expreso á persoa interesada, a súa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito, de ser o caso. A ausencia da entrega da documentación solicitada actualizada, será motivo de non acceso ao centro, con especial mención a:

- a. Prescrición médica de medicación actualizada.
- b. Prescrición médica de dieta específica, de ser o caso.
- c. Informes médicos e psicolóxicos, de ser o caso.

Artigo 12. Procedemento de ocupación efectiva da praza

Cumprido o trámite establecido no artigo anterior establecerase a data de ocupación efectiva da praza, para o cal será preciso a formalización do contrato do servizo, o cal regulará todos os aspectos fundamentais da relación dende a data da ocupación efectiva da praza ata a súa baixa no servizo.

En caso de que a persoa acceda pola vía ordinaria, deberá solicitar a alta ou cambio no Padrón municipal segundo a normativa vixente, nun prazo máximo de 10 días dende a ocupación efectiva da praza.

No expediente individual constará:

- a. Da aceptación expresa do servizo outorgado, con indicación das condicións de prestación do servizo (Anexo V).
- b. Copia da documentación que a persoa usuaria debe achegar para a ocupación efectiva da praza, así como o Contrato de Prestación de Servizos e os anexos do mesmo.
- c. Datos de identificación (nome e apelidos, DNI/NIE e data e lugar de nacemento)
- d. Datos dos familiares, titor/a, da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardador/a de feito.
- e. Valoración actualizada na escala Barthel e naquelas outras escalas que resulten axeitadas para a avaliación da persoa usuaria, asinadas por persoal técnico competente.
- f. Plan de Atención Individualizado (PAI), así como instrumentos que permitan a avaliación do mesmo.
- g. Prescrición médica da medicación, actualizada.
- h. Aqueles instrumentos técnicos que faciliten o seguimento da situación integral da persoa.
- i. Observacións sobre a convivencia da persoa usuaria no centro.
- m. Copia do seguro de decesos, se é o caso.

Terase en conta ademais do sinalado, o establecido no Regulamento de Réxime Interno do servizo que reciba, vixente en cada momento.

Artigo 13. Período de adaptación

O período de adaptación ten por finalidade comprobar se as persoas usuarias e, de ser o caso, as persoas con vinculación de feito, reúnen as condicións indispensables de permanencia no servizo, tendo en conta as características e funcionamento propio do servizo.

O período de adaptación e observación terá unha duración de 30 días prorrogable por outros 30 de maneira excepcional, dita excepcionalidade deberá ser xustificada pola persoa responsable do centro.

A non superación do período de adaptación comporta que a persoa usuaria, e de ser o caso, a persoa con vinculación de feito asociada á solicitude de acceso, perda a condición de persoa usuaria. Neste caso, no suposto de non superación do período de adaptación, deberán ser informados os servizos sociais da Deputación de Lugo, como mínimo 10 días antes do remate do prazo do período de adaptación. Así o equipo dos servizos sociais da Deputación de Lugo avaliarán novamente a adecuación do recurso á necesidade, podendo solicitar ao Centro toda aquela información que precise, co obxecto de emitir un informe de ratificación de permanencia ou da non superación do período de adaptación.

En todo caso, e tratándose dun colectivo vulnerable, non se poderá rescindir o contrato unilateralmente por parte do centro, sen que exista a conformidade dos servizos sociais da Deputación de Lugo.

Artigo 14. Suspensión temporal do servizo

O Servizos regulados nesta Ordenanza, poderán ser suspendidos por ausencias motivadas por unha convivencia familiar, así como as que se entendan vencelladas a un período de vacacións ou de descanso, que terán como máximo unha duración de 30 días naturais continuados ao ano, dous períodos de 15 días naturais continuados ao ano, ou catro períodos de sete días naturais continuados ao ano.

Artigo 15. Dereitos e deberes das persoas usuarias

Os dereitos e deberes serán como mínimos os recollidos na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e en todo caso os que recollan os Regulamentos de Réxime Interno do servizo, os cales serán dados a coñecer previa ao momento da ocupación efectiva da praza as persoas usuarias, ou a figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito, de ser o caso. Para elo darase copia dun exemplar do mesmo.

Artigo 16. Causas de baixa.

A prestación do servizo poderá extinguirse por algunha das seguintes causas, perdendo a persoa usuaria esta condición por mor de:

- a) Baixa voluntaria a petición da persoa usuaria, da persoa gardadora de feito ou da figura de apoio xudicial recoñecida, nestes dous últimos casos previa autorización xudicial se así o estiman os servizos sociais da Deputación de Lugo conforme á normativa vixente.
- b) Por ocultación ou falsidade nos datos e/ou documentos que se teñan en conta para a concesión do servizo.
- c) Por incumprimento das obrigacións e deberes establecido na presente Ordenanza, no Regulamento de Réxime Interno do servizo ou por infraccións segundo o establecido na presente ordenanza, na LSSG e no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coas especialidades previstas na presente norma.
- d) Por ausencias non previstas na presente ordenanza e ou ausencias continuadas durante un período de máis de 30 días naturais, sen comunicación previa á persoa responsable do centro.
- e) Presentar cadros de alteracións da conduta que interfiran no normal funcionamento do centro, ou unha situación socio-sanitaria que impida a súa atención no centro cuns mínimos de garantías e calidade. En todo caso, as variacións substanciais do estado de saúde inicial no momento da ocupación efectiva da praza da persoa usuaria, motivarán novas valoracións dos/as profesionais en relación a idoneidade da permanencia no servizo. Os servizos sociais da Deputación de Lugo vistos os informes do persoal técnico no eido sociosanitario poderán propoñer a baixa do servizo ou traslado.
- f) Traslado a outro servizo ou centro.
- g) Falta de pagamento continuado. Os servizos sociais da Deputación de Lugo avaliarán que a mesma non sexa imputable á persoa usuaria, circunstancia que non dará lugar a baixa da persoa no servizo. Se a causa da falta de pagamento sexa derivada da figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito, darase traslado á autoridade xudicial competente correspondente, co obxecto de protexer a esfera persoal e patrimonial da persoa usuaria.
- h) Por falecemento.
- i) Por non superación do período de adaptación.
- k) Por calquera outra causa conforme á normativa vixente establecida para o efecto.

Calquera causa de baixa ou extinción do servizo deberá ser comunicada aos servizos sociais da Deputación de Lugo quen terán que tramitar o correspondente expediente de baixa.

Artigo 17. Órgano competente para a resolución da baixa no servizo

A perda da condición de persoa usuaria deberá ser comunicada dende o CAM correspondente aos servizos sociais da Deputación de Lugo, quen tramitará o expediente de baixa no servizo, dando lugar, de ser o caso, á Resolución da Presidencia.

Cando a baixa se produza por calquera das circunstancias ás que se refiren as letras b), c), d), e), g) i), ou k), deberá garantirse, en todo caso, a audiencia previa da persoa interesada, figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito.

Contra esta resolución de baixa, que pon fin á vía administrativa, a persoa interesada ou quen exerza de figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito, poderá interpoñer recurso potestativo ante a Deputación de Lugo, de conformidade coa Lei 39/2015.

TÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 18. Responsables

As infraccións en materia de servizos sociais serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, que serán impostas polos órganos competentes, previa instrución do oportuno expediente e sen prexuízo das responsabilidades penais, laborais ou doutra orde que puidesen concorrer.

As condutas das persoas usuarias, das persoas que ostentan unha figura de apoio xudicial ou gardador de feito, ou as persoas que accedan ao centro, cando poidan cualificarse como constitutivas das infraccións tipificadas nesta ordenanza poderán ser obxecto das sancións recollidas na presente, sen menoscabo das sancións recollidas no resto do ordenamento xurídico.

Considéranse autoras das infraccións tipificadas por esta ordenanza a quen realice os feitos por si mesmos, conxuntamente ou a través de persoa interposta. Terán tamén a consideración de autoras as que cooperen na súa execución mediante unha acción ou omisión sen a cal a infracción non se puidese levar a cabo.

Artigo 19. Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves calquera incumprimento do regulamento de réxime interno ou das normas de funcionamento que, pola natureza ou gravidade, non se tipifiquen como graves ou moi graves.

Artigo 20. Infraccións graves

- a) Non lle facilitar á Deputación de Lugo e ou á persoa responsable do CAM os datos que se lle requiran ou falsear datos ou non comunicar a alteración das circunstancias ou dos requisitos que determinen o outorgamento ou a continuidade do servizo.
- b) O incumprimento do regulamento de réxime interno ou das normas de funcionamento cando ocasionen prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias, con especial mención a aquelas con dependencia física ou que adoezan de deterioro cognitivo, ao persoal traballador ou equipamento do centro.
- c) A reincidencia na comisión de infraccións leves.

Artigo 21. Infraccións moi graves

- a) Provocar desordes ou alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da prestación.
- b) A agresión física, o acoso ou os malos tratos que atenten gravemente contra os dereitos fundamentais do persoal do centro, o resto de persoas usuarias ou de persoas visitantes.
- c) Ocasionar danos ou subtraer bens do centro, doutras persoas usuarias, do persoal traballador ou, se é o caso, das persoas visitantes.
- d) A falta inxustificada de pagamento.
- e) A reincidencia na comisión de infraccións graves.

Artigo 22. Reincidencia de infraccións

Enténdese por reincidencia, para os efectos desta Ordenanza, a comisión dunha infracción logo de que a persoa responsable, á que se refire o artigo 18, fose sancionada, mediante resolución administrativa firme, por esa mesma infracción ou por outra de gravidade igual ou maior ou por dúas ou máis infraccións de gravidade inferior.

Artigo 23. Sancións

As infraccións sancionaranse da forma seguinte:

- a) Infraccións leves:
 - Apercibimento público.
 - Suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restrición na participación nalgunhas actividades, por un período non superior a quince días.
 - Suspensión dos dereitos de participación da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito nas actividades ou dinámicas do centro e da libre circulación no mesmo, por un período non superior a quince días.
- b) Infraccións graves:
 - Suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restrición na participación nalgunhas das actividades, por un período non superior a seis meses.

- Suspensión dos dereitos de participación da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito nas actividades ou dinámicas do centro e da libre circulación no mesmo, por un período non superior a seis meses.
- Suspensión temporal da prestación do servizo, por un período non superior a tres meses.

c) **Infraccións moi graves:**

- Suspensión temporal da prestación do servizo, por un período non superior a seis meses.
- Suspensión dos dereitos de participación da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito nas actividades ou dinámicas do centro e da libre circulación no mesmo.
- Traslado temporal ou definitivo a outro centro.
- Revogación da adxudicación da praza temporal ou definitivamente.
- Revogación da adxudicación da praza con inhabilitación para o acceso a calquera outro Centro de Atención a Persoas Maiores da Deputación de Lugo

Artigo 24. Procedemento sancionador

O órgano competente para iniciar, resolver, ou adoptar medidas provisionais necesarias no procedemento para asegurar a eficacia da resolución final que poida recaer, de conformidade co previsto no Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.

A resolución que poña fin ao procedemento sancionador será motivada e resolverá todas as cuestións pertinentes suscitadas no expediente

1. No caso de infraccións leves e graves a iniciación do procedemento corresponderá á persoa titular da xefatura de servizo competente por razón da materia competente en materia de servizos sociais Deputación de Lugo. A instrución será realizada polo persoal funcionario da Deputación de Lugo designado para o efecto, e para a resolución do procedemento será competente á Presidencia da Deputación de Lugo.

2. Nos casos de infraccións moi graves a iniciación do procedemento corresponderá á persoa titular da xefatura de servizo competente por razón da materia da Deputación de Lugo. A instrución corresponderá ao persoal funcionario da Deputación de Lugo designado para o efecto. Instruído o procedemento e previa audiencia da persoa presuntamente infractora, emitirase unha proposta de resolución que se lle notificará á persoa interesada. A resolución do procedemento corresponderá á Presidencia da Deputación de Lugo

En todo caso, o procedemento sancionador polas infraccións tipificadas nesta ordenanza axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, á Lei 7/1985, de 2 de abril, de Reguladora das Bases do Réxime Local e ao Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.

Artigo 25. Prescrición de infraccións e sancións.

As infraccións cometidas prescribirán ao cabo dun, tres ou catro anos dende a data da súa comisión, segundo se cualificasen como leves, graves ou moi graves, respectivamente. Para o caso de que a infracción teña carácter continuado no tempo, o referido prazo de prescrición comezará a contar desde a data na que tivese lugar a completa finalización da actividade infractora.

As sancións prescribirán ao cabo dun, catro e cinco anos desde a súa imposición firme na vía administrativa, segundo se cualifiquen como leves, graves ou moi graves, respectivamente, agás no caso de revogación da adxudicación da praza con inhabilitación para o acceso a calquera outro Centro de Atención a Persoas Maiores da Deputación de Lugo.

TÍTULO III: PARTICIPACIÓN NO CUSTO DOS SERVIZOS.

Artigo 26. Persoas usuarias dos servizos.

Para os efectos da regulación contida neste título, no que atinxe á participación no custo dos servizos, consideraranse persoas usuarias ás persoas físicas que teñan recoñecido o seu acceso e sexa de feito efectivo.

Artigo 27. Suposto de feito e obrigado/a ao pagamento dos servizos.

A persoa usuaria estará obrigada ao pagamento do prezo público que se regula conforme ao establecido na Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, as persoas físicas que utilicen ou se beneficien do servizo e actividades prestadas ou realizadas no servizo de atención residencial nos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, cando sexa de tracto sucesivo con execución continuada ou periódica e, en todo caso, dende a data da ocupación efectiva da praza ou momento de inicio da súa prestación.

Nos supostos de persoas con modificación da capacidade de obrar segundo se recolle na Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, a persoa obrigada ao pagamento será o/a gardador/a de feito que preste apoio, a cal deberá achegar a resolución xudicial, en caso de que exista.

Artigo 28. Réxime xurídico de participación no custe dos servizos.

A participación da persoa usuaria no custo dos servizos terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido na ordenanza de prezo público aprobada a tal efecto, así como, no establecido polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A determinación da capacidade económica e as súas normas serán as recollidas na Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, ou normativa que a complementa ou substitúa.

Artigo 29. Participación no financiamento do custo dos servizos.

1. Os parámetros ou variables económico-sociais a aplicar en orde a determinación e liquidación do prezo público para os servizos básicos na modalidade ordinaria son:

a) A tipoloxía da praza a ocupar: sendo a tipoloxía da praza dependente para persoas que acaden unha puntuación segundo o Índice de Barthel inferior ou igual a 50 puntos ou teñan unha valoración de dependencia en grao II ou en grao III. No caso de persoas con deterioro cognitivo a situación de autonomía será determinada no Informe de Valoración Social (IVS). A tipoloxía de praza autónoma aplicarase as persoas que acaden unha puntuación superior a 50 puntos no Índice de Barthel.

b) Para os servizos básicos na modalidade de acceso ordinaria, terase en conta:

- I. A capacidade económica mensual en relación ao valor do IPREM.
- II. O mínimo vital.

c) Non obstante terase en conta o recollido no artigo 44.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo de referencia do servizo.

2. As persoas usuarias do servizo ao abeiro da modalidade excepcional achegarán o importe correspondente ao custo de referencia do servizo, sendo este importe o prezo público para a persoa usuaria, conforme ao disposto Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, ou normativa que a substitúa e/ou complementa. En todo caso esta participación poderá modificarse e aplicarse en relación á capacidade económica sen supoñer un cambio na modalidade de acceso.

Disposicións Adicionais**Disposición Adicional Primeira. Servizos complementarios**

Consideraranse como opcionais ou complementarios todos aqueles servizos que non estean recollidos como servizos básicos na normativa correspondente. No caso de que se presten polo centro, estes servizos serán a cargo da persoa usuaria e serán liquidados adicionalmente, segundo as contías que se exporán para o coñecemento público no taboleiro do Centro.

Disposicións finais**Disposicións final primeira Modificación da Ordenanza**

A Deputación de Lugo cos requisitos esixidos na normativa en materia de Réxime Local e Procedemento administrativo, poderá modificar a presente Ordenanza.

Disposicións final segunda Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 16 de xuño de 2026.- A presidenta, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

ANEXO I**INFORME DE VALORACIÓN SOCIAL PARA O ACCESO AOS SERVIZOS PÚBLICOS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE XESTIÓN DIRECTA***Indicar aqueles aspectos máis relevantes que dan lugar a puntuación no BVNI*

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido na Ordenanza de Acceso ao servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores da Deputación de Lugo.

O/a técnico/a de servizos sociais _____ con número de colexiado: _____ da Deputación de Lugo informa, en relación coa solicitude presentada con data _____ por _____ na cal demanda:

O seu acceso ó servizo do Centro de Atención a Maiores de:

Todos menos uno

Mediante a modalidade:

- Ordinaria
- Excepcional:
- Vía Emerxencia
- Vía Respiro Familiar

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME	
DNI/NIE	
DATA E LUGAR DE NACEMENTO	
ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
ESTADO CIVIL	

1.1 DATOS DA FIGURA DE APOIO (de ser o caso)

APELIDOS E NOME	
DNI/NIE	
DATA E LUGAR DE NACEMENTO	
ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
VINCULACIÓN	

2. NÚCLEO DE CONVIVENCIA

	NOME E APELIDOS	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	PROFESIÓN	OCUPACIÓN
1					
2					
3					
4					
5					
6					

3. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR (indicar o mais relevante que deu lugar a puntuación no baremo)**4. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA**

- *Ingresos e procedencia: ingresos, procedencia e total (con pagas extras rateadas)*
- **Bens Patrimoniais**
- **Cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor:**

5. SITUACIÓN SOCIOSANITARIA

- **Problemas de saúde diagnosticados que afecten ao seu desenvolvemento social**
- **Problemáticas de adiccións**
- **Saúde mental**
- **Discapacidade e/ou dependencia: (indicar se está recoñecida ou en trámite)**

ACTIVIDADE	EXECUCIÓN
COMIDA	
ASEO	
VESTIDO	
DESPRAZAMENTOS	
DISPOSITIVOS APOIO	

6. DATOS RELATIVOS Á VIVENDA

7. VALORACIÓN DIAGNÓSTICA E PROPOSTA TÉCNICA RESPECTO DO ACCESO AO SERVIZO

Ao abeiro dos criterios establecidos na Ordenanza para o acceso ao servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores da Deputación de Lugo en relación á tramitación do expediente:

Primeiro.- A persoa solicitante reúne os seguintes requisitos para ser usuario/a do Servizo, sendo estes:

- Estar empadroadado/a nalgún dos concellos da provincia de Lugo.
- Atoparse nunha situación de necesidade, vulnerabilidade ou risco por razóns biopsicosocial.
- Non presentar cadros de alteracións conductuais que interfiran no normal funcionamento do centro, ou unha situación socio-sanitaria que impida a súa atención no centro cuns mínimos de garantías e calidade.
- Ter cumpridos 65 anos e estar nunha situación que faga aconsellable a súa atención nun centro de servizos sociais. Excepcionalmente,
- Ter cumpridos 60 anos e atoparse en *situación de excepcionalidade* de acceso ao servizo:
- Para o acceso ao Servizo de Atención Residencial, a persoa solicitante acada a puntuación de mínima de 100 puntos no Baremo de Valoración da Necesidade e Idoneidade, cumprindo o mínimo esixido para o acceso.
- Para o acceso ao Servizo de Atención Residencial, a persoa solicitante non acada a puntuación mínima de 100 puntos, acreditándose circunstancias sanitarias e/ou sociais que aconsellen non ter en conta dito requisito para o seu acceso.

Segundo.- Sobre a incompatibilidade do servizo demandado, tense en conta que a persoa usuaria:

- ___ Non é beneficiaria doutro servizo/recurso/prestación para apoios, coidados e atención.
- ___ É beneficiaria doutro servizo/recurso/prestación para apoios, coidados e atención. (indicar cales): _____
- ___ É beneficiaria doutro servizo/recurso/prestación para apoios, coidados e atención, atopándose nunha situación de vulnerabilidade, polo que se valora necesario establecer a compatibilidade, facendo constar a seguinte valoración técnica: _____
- ___ É beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar e Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, financiados ambos con fondos públicos, referindo que se dará de baixa nos mesmos en caso de acceso a praza de Atención Residencial mediante Modalidade Ordinaria.

En base ó anterior, CONCLÚESE:

Primeiro.-

- Valórase favorablemente o acceso
- Non se valora favorablemente o acceso en base ao seguinte: _____

Segundo.- En caso de valoración favorable a vía de acceso é mediante a modalidade *ordinaria/excepcional* (indicar)

Terceiro.- Valórase a necesidade de *excepcionalidade de adaptación da orde de prelación* de acceso motivada por:

Risco para a persoa e/ou terceiros

Cuarto.- Establécese a tipoloxía da praza en persoa *autónoma/dependente* (indicar). Motivado por:

60 de barthel,50 de barthel, Grado II dependencia, Deterioro cognitivo

Quinto.- Establécese como participación da persoa usuaria na prestación dos servizos a seguinte:

a) Prezo público no custo no Servizo de Atención Residencial, *mediante modalidade ordinaria*: _____

CAPACIDADE ECONÓMICA MENSUAL
MÍNIMO VITAL A RESPECTAR

b) Participación no custo no Servizo de Atención Residencial, *mediante modalidade excepcional*: _____

ASINADO DE XEITO DIXITAL

ANEXO II: BAREMO DE VALORACIÓN DE DA NECESIDADE E IDONEIDADE (BVNI)

NÚMERO DE EXPEDIENTE:	
APELIDOS E NOME:	
TOTAL BAREMO	PUNTUACIÓN
ESCALA ACTIVIDADES FÍSICAS E PSÍQUICAS	75,00
ESCALA SOCIAL	75,00
SUMA DE ESC. ACTIVIDADE FÍS./PSIQU. E SOCIAL	150,00
ESCALA DE PROXIMIDADE	125,00
TOTAL BAREMO	275,00

ESCALA ACTIVIDADES FÍSICAS E PSÍQUICAS			
ACTIVIDADES	PERSOA AUTÓNOMA	PRECISA APOIOS	PUNTUACIÓN
COMER E BEBER			
Cortar ou partir os alimentos en anacos	1,00	1,50	
Usar cubertos para levar a comida á boca	1,00	1,50	
Achegarse ó recipiente de bebida á boca	1,00	1,50	
Capacidade deglución	1,00	1,50	
TOTAL			
REGULACIÓN DA MICCIÓN/DEFECACIÓN			
Manipular a roupa	1,00	1,50	
Adoptar e abandonar a postura adecuada	1,00	1,50	
Limparse	2,00	3,00	
Continencia micción	2,00	3,00	
Continencia defecación	2,00	3,00	
TOTAL			
ASEO PERSOAL			
Lavar as mans	1,00	1,50	
Lavar a cara	1,00	1,50	
Lavar a parte inferior do corpo	2,00	3,00	
Lavar a parte superior do corpo	2,00	3,00	
Outros coidados persoais(cortar unllas, peitearse)	1,00	1,50	
TOTAL			
VESTIRSE			
Calzarse	1,00	1,50	
Abotoarse os botóns	1,00	1,50	
Vestir pezas da parte inferior do corpo	2,00	3,00	
Vestir pezas da parte superior do corpo	2,00	3,00	
TOTAL			

ESCALA ACTIVIDADES FÍSICAS E PSÍQUICAS			
ACTIVIDADES	PERSOA AUTÓNOMA	PRECISA APOIOS	PUNTUACIÓN
EIDO COGNITIVO			
Aplicar medidas terapéuticas recomendadas	1,00	1,50	
As ilusións e/ou pensamento máxico impiden o razoamento	2,00	3,00	
Esquece feitos cotiáns ou recentes	1,00	1,50	
Dificultade para lembrar palabras e nomes	1,00	1,50	
Dificultade en lembrar a súa historia persoal	2,00	3,00	
TOTAL			
TRANSFERENCIAS CORPORAIS E DESPRAZAMENTOS			
Permanecer sentada	1,00	1,50	
Tombarse, deitarse e levantarse	2,00	3,00	
Permanecer de pé	2,00	3,00	
Cambiar de postura unha vez deitado/a	2,00	3,00	
Realizar desprazamentos	2,00	3,00	
TOTAL			
CAPACIDADES PERSOAIS			
Capacidade de expresar gustos e preferencias	2,25	1,25	
Capacidade de manter interaccións sociais	3,00	2,00	
Capacidade de comprensión	3,00	2,00	
Capacidade de anticipación	3,00	2,00	
Capacidade de realización comidas variadas seguindo consello médico en relación a dieta	2,25	1,25	
TOTAL			
TOTAL ESCALA ACTIVIDADES FÍSICAS E PSÍQUICAS			

ESCALA SOCIAL**Puntuación Puntuación****IDADE DA PERSOA SOLICITANTE**

De 60 ata 64 anos	2,00
De 65 ata 74 anos	3,00
De 75 ata 84 anos	4,00
De 85 ata 89	5,00
Máis de 90	6,00

TOTAL**UNIDADE DE CONVIVENCIA**

Persoas acompañadas e non permanecen moito tempo sós	2,00
Persoas que viven acompañadas e permanecen moito tempo sós, e se lles presta as atencións mínimas	4,00
Persoas que viven soas pero ten unha rede de apoio social axeitada	6,00
Persoas que viven acompañadas que permanecen moito tempo sós e non lles poden prestar as atencións mínimas	8,00
Persoas que viven soas e non teñen unha rede de apoio social axeitada	10,00

TOTAL**TIPOLOXÍA DAS RELACIÓNS DENTRO DA UNIDADE DE CONVIVENCIA**

Existe integración na unidade de convivencia, pero con relacións deterioradas e/ou contraditorias	2,00
Illamento afectivo e/ou sen integración na unidade de convivencia	4,00
Sentimento de soidade non desexada	6,00
Semiabandono ou abandono encuberto	9,00

TOTAL**HABILIDADES DO COIDADOS**

A persoa coidadora ten as habilidades e destrezas necesarias para prestar uns coidados axeitados	2,00
A persoa coidadora necesita de axudas puntuais para prestar os coidados	4,00
A persoa coidadora necesita de axudas para prestar os coidados	6,00
A persoa coidadora non ten as habilidades e destrezas necesarias para prestar os coidados	8,00
A persoa coidadora tamén precisa de coidados e axudas ou non existe persoa coidadora aínda que a precisa	10,00

TOTAL

OUTROS RECURSOS SOCIAIS	
Non recibe ningunha prestación ou servizo de coidados , pero non o necesita	2,00
Recibe prestación ou servizo de coidados cunha alta cobertura de necesidades	4,00
Recibe prestación ou servizo de coidados cunha media cobertura de necesidades	6,00
Recibe prestación ou servizo de coidados cunha baixa cobertura de necesidades	8,00
Non recibe prestación ou servizo de coidados, aínda que o precisa	10,00
TOTAL	
RECURSOS ECONÓMICOS	
Maior de 2 veces IPREM e menor ou igual a 2,5	2,00
Maior de 1,5 veces IPREM e menor ou igual a 2	4,00
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual ao 1,5	6,00
Menor ou igual ao 0,80 IPREM	8,00
TOTAL	
ALOXAMENTO	
Dispor de vivenda en condicións óptimas de habitabilidade e hixiene	2,00
Dispor de vivenda en condicións suficientes de habitabilidade e hixiene	4,00
Dispor de vivenda que carece de condicións mínimas de habitabilidade e hixiene	6,00
Residir nunha infravivenda (non reúne condicións mínimas de habitabilidade e/ou carece de subministracións básicas)	8,00
TOTAL	
BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS OU CARACTERÍSTICAS NO FOGAR/ENTORNO QUE AUMENTEN A SÚA VULNERABILIDADE	
Boa, non existe barreiras/riscos	2,00
Regular: existencia dalgunha barreira mellorable da vivenda	4,00
Mala: dificultade de acceso ou algunha deficiencia na vivenda	6,00
Moi deficiente: graves deficiencias no acceso ou na vivenda	10,00
Entorno rural illado de servizos que repercute negativamente na autonomía persoal	14,00
TOTAL	
TOTAL ESCALA SOCIAL	

ESCALA DE PROXIMIDADE	
	PUNTUACIÓN
PROXIMIDADE AO CENTRO	Máx.
Municipio onde se localiza o CAM	35,00
Municipio limítrofe ao CAM	20,00
Municipio da área de influencia social ao CAM	15,00
Noutros municipios da provincia	5,00
TOTAL	
EMPADROAMENTO (terase en conta dende a data da solicitude ou da revisión)	Máx.
Por cada ano que a persoa solicitante se atope empadroada no municipio onde se localiza o CAM, 4 puntos	40,00
Cando a persoa solicitante non se atope empadroada no municipio onde se localiza o CAM, pero estivo con anterioridade ao seu traslado por necesidades de coidado, 4 puntos por cada ano	40,00
Por cada ano que a persoa solicitante se atope empadroada nun municipio limítrofe onde se localiza o CAM, 2 puntos	25,00
Por cada ano que a persoa solicitante se atope empadroada nun municipio da área de influencia social onde se localiza o CAM, 1,80 puntos	25,00
Por cada ano que a persoa solicitante se atope empadroada nun municipio da provincia de Lugo 0,5 puntos	10,00
TOTAL	
VINCULACIÓN CO MUNICIPIO	Máx.
Non naceu no municipio onde se atopa o centro nin ten familiares nel	2,00
Non naceu no municipio onde se atopa o centro pero ten familiares nel	5,00
Naceu no municipio onde se atopa o centro e non ten familiares nel	10,00
Emigrante retornado natural do municipio	15,00
Naceu no municipio onde se atopa o centro e ten familiares nel	20,00
TOTAL	
VINCULACIÓN CO CENTRO	Máx.
Non ten ningún familiar ou persoa cun vínculo afectivo no centro	2,00
Ten unha persoa cun vínculo afectivo no centro	8,00
Ten un familiar de segundo grado (irmáns/irmás)	10,00
Ten un familiar de primeiro grado (pais/nai)	20,00
Ten a súa parella legalmente recoñecida (marido, esposa ou parella de feito)	30,00
TOTAL	
TOTAL ESCALA DE PROXIMIDADE	

ANEXO III: ÍNDICE DE BARTHEL

cuestionario heteroadministrado con 10 ítem tipo likert. O rango de posibles valores do Índice de Barthel está entre 0 e 100, con intervalos de 5 puntos. A menor puntuación, mais dependencia; e a maior puntuación, mais independencia.

AUTONOMÍA PARA AS ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA –BARTHEL				PUNTUACIÓN
Comer	Capaz de utilizar calquera instrumento necesario, capaz de desmizurar a comida, estender a manteiga, usar condimentos, (...) por si só/soa. Come nun tempo razoable. A comida pode ser cociñada e servida por outra persoa.	Independente	10	
	Para cortar a carne ou o pan, estender a manteiga, (...), pero é capaz de comer só/soa.	Necesita axuda	5	
	Necesita ser alimentado por outra persoa	Dependente	0	
Asearse	A persoas é capaz de lavarse enteira, pode usar a ducha, a bañeira ou permanecer de pe e empregar a esponxa sobre todo o corpo. Inclúe entrar e saír do baño. Pode realizalo todo sen estar outra persoa presente.	Independente	5	
	Necesita algunha axuda ou supervisión.	Dependente	0	
Vestirse	Capaz de poñer e quitarse a roupa, atarse os zapatos, abotoarse os botóns e colocarse outros complementos que precisa sen axuda.	Independente	10	
	A persoa necesita axuda, pero realiza soa alo menos a metade das tarefas nun tempo razoable.	Necesita axuda	5	
	A persoa necesita axuda para vestirse.	Dependente	0	
Amañarse	Realiza todas as actividades persoais sen ningunha axuda. Inclúe lavar a cara e mans, peitearse, maquillarse, afeitarse e lavar os dentes. Os complementos necesarios para iso poden ser provistos por outra persoa.	Independente	5	
	Necesita algunha axuda.	Dependente	0	
Deposición	Ningún episodio de incontinencia. Se a persoa necesita un enema ou supositorios é capaz de administrarllo por si soa.	Continente	10	
	A persoa presenta menos dunha vez por semana algún episodio de incontinencia ou necesita axuda para colocar enemas ou supositorios.	Accidente casual	5	
	A persoa presenta incontinencia. Mais dun episodio semanal. Inclúe administración de enemas ou supositorios por outra persoa.	Incontinente	0	
Micción avaliar situación semana previa –	Ningún episodio de incontinencia (seco/a día e noite). Capaz de usar calquera dispositivo. En persoa sondada, inclúe poder cambiar a bolsa por si mesmo/a.	Continente	10	
	Menos dunha vez por semana ou necesita axuda para enemas ou supositorios.	Accidente casual	5	
	Inclúe pacientes con sonda incapaces de manexarse por si mesmos/as.	Incontinente	0	

AUTONOMÍA PARA AS ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA –BARTHEL				PUNTUACIÓN
Ir ao retrete	Entra e sae só/soa. Capaz de quitarse e poñerse a roupa, limpase, previr o manchado da roupa e tirar da cadea. Capaz de sentar e levantarse da cunca inodoro sen axuda (pode utilizar barras para soportarse). Se usa cunca para ouriñes (esp. <i>orinal</i> , botella recolectora, ...) é capaz de utilizala e baleirala completamente sen axuda e sen manchar.	Independente	10	
	Capaz de manexarse con pequena axuda no equilibrio, quitarse e poñerse a roupa, pero pode limpase só. Aínda é capaz de utilizar o inodoro.	Necesita axuda	5	
	Incapaz de manexarse sen asistencia Maior.	Dependente	0	
Trasladarse cadeira de brazos/cama	Sen axuda en todas as fases. Se utiliza cadeira de rodas aproxímase á cama, frea, despraza o apoia pés, pecha a cadeira, colócase en posición de sentado nun lado da cama, métese e tumba, e pode volver á cadeira sen axuda.	Independente	15	
	Inclúe supervisión verbal ou pequena axuda física, tal como a ofrecida por unha persoa non moi forte ou sen adestramento.	Mínima axuda	10	
	Capaz de estar sentado/a sen axuda, pero necesita moita asistencia (persoa forte ou adestrada) para saír / entrar da cama ou desprazarse.	Gran axuda	5	
	Necesita guindastre ou completo alzamento por dúas persoa. Incapaz de permanecer sentado/a.	Dependente	0	
Deambulación	Pode camiñar polo menos 50 metros ou o seu equivalente en casa sen axuda ou supervisión. A velocidade non é importante. Pode usar calquera axuda (bastóns, muletas, ...) excepto andador. Se utiliza prótese é capaz de poñela e quitala só/soa.	Independente	15	
	Supervisión ou pequena axuda física (persoa non moi forte) para andar 50 metros. Inclúe instrumentos ou axudas para permanecer de pé como andador.	Necesita axuda	10	
	En 50metros. Debe ser capaz de desprazarse, atravesar portas e dobrar esquinas só/soa.	Independente en cadeiras de rodas	5	
	Se utiliza cadeira de rodas, precisa ser empuxado por outro	Dependente	0	
Subir e baixar escaleiras	Capaz de subir e baixar un piso sen axuda nin supervisión. Pode utilizar o apoio que precisa para andar (bastón, muletas, ...) e o pasamáns.	Independente	10	
	Supervisión física ou verbal.	Necesita axuda	5	
	Incapaz de salvar chanzos. Necesita alzamento (ascensor).	Dependente	0	
		PUNTUACIÓN TOTAL	0	
		VALORACIÓN DA ESCALA		
		DEPENDENTE:	de 50 ata 0	
		PERSOA AUTÓNOMA	de 100 ata 51	

ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DISPOSICIÓN PATRIMONIAIS:

En, a de de 20

EU con DNI/NIE

Persoa figura de apoio xudicial ou Gardadora de feito

con DNI/NIE

Declaro:

Non ter realizado disposicións patrimoniais nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, tanto a título oneroso como gratuíto, a favor dos cónxuxes ou parentes ata o cuarto grado inclusive, de acordo coas normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica la Lei 2/1981, do 25 de marzo, e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.

Asdo. A persoa usuaria

Asdo. figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito

ANEXO V: ACEPTACIÓN EXPRESA DO SERVIZO

D/Dña con DNI/NIE
domiciliado/a en
en relación á solicitude formulada para o acceso ao servizo de atención residencial.

Concedido ao abeiro da Resolución que lle presta a rede de centros de atención a
persoas maiores da Deputación Provincial de Lugo

E polo mesmo:

Coñece as condicións, acepta o servizo e comprométese a aboar a cantidade que lle corresponda.

.....,..... de de 20

Estando conforme asinan,

Asdo. A persoa usuaria

Asdo. figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito

ANEXO VI.

SOLICITUDE DE ACESO Á REDE DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DA DEPUTACIÓN DE LUGO DE XESTIÓN DIRECTA

NÚM. DE EXPEDIENTE:			
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
APELIDOS E NOME			
NIF/NIE		SEGURIDADE SOCIAL	
ENDEREZO			
TELÉFONO/S		DATA DE NACEMENTO	

DATOS DA PERSOA GARDADORA / DE FEITO OU REPRESENTANTE LEGAL			
APELIDOS E NOME			
NIF/NIE		PARENTESCO	
ENDEREZO			
TELÉFONO/S		DATA DE NACEMENTO	

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (NON É NECESARIO CUBRIR ESTE APARTADO SE COINCIDE CO ENDEREZO DA PERSOA SOLICITANTE)	
ENDEREZO	
TELÉFONO/S	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- COPIA DO DNI/NIE
- COPIA DA TARXETA SANITARIA
- CERTIFICACIÓN DE EMPADROAMENTO HISTÓRICO DA PERSOA SOLICITANTE E DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
- CERTIFICADO DOS PERMISOS DO INSS / CLASES PASIVAS / SERGAS, OU AUTORIZACIÓN EXPRESA PARA CONSULTA
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DE PENSIÓNS DO EXERCICIO (SE PROCEDE)
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DISPOSICIÓN PATRIMONIAL — ANEXO IV
- CALQUERA OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE O/A SOLICITANTE CONSIDERE RELEVANTE
- INFORME FISCAL DOS DEPÓSITOS BANCARIOS NOS QUE FIGURE A PERSOA SOLICITANTE CON INDICACIÓN DO SALDO MEDIO E SALDO FINAL A 31 DE DECEMBRO DO ÚLTIMO EXERCICIO FISCAL DISPOÑIBLE.

O Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria realizada o 31 de marzo de 2026, acordou dar aprobación de xeito inicial á Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, quedando aprobada de xeito definitivo despois de dar cumprimento co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación á información pública, procedéndose á publicación do texto íntegro en dito Boletín Oficial a efectos da súa entrada en vigor.

Lugo, 16 de xuño de 2026.- A presidenta, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

ORDENANZA REGULADORA DE PREZO PÚBLICO PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NOS CENTROS ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE XESTIÓN DIRECTA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

ÍNDICE

Artigo 1. Concepto	
Artigo 2. Persoa obrigatoria ao pagamento	
Artigo 3. Contía do servizo	
Artigo 4. Determinación da capacidade económica	
Artigo 5. Mínimos vitais	
Artigo 6. Límites de participación no financiamento	
Artigo 7. Normas de xestión	
Artigo 8. Pagamento do prezo público	
Artigo 9. Devolución de ingresos	
Artigo 10. Procedemento de construximento	
Disposición Adicional	
Disposición transitoria	
Disposición derogatoria	
Disposicións finais	

Artigo 1.- Concepto.

A Deputación de Lugo no exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ao abeiro do disposto polo artigo 148 en relación co 41, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais TRLFL, e o artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece o prezo público e as regras para a determinación da capacidade económica para os servizos públicos efectuados en réxime de dereito público que se presten nos centros de atención a maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, de acordo co artigo 24 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos (LTPP).

Artigo 2.- Persoa obrigada ao pagamento.

A participación da persoa usuaria no custo do servizo terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido nesta Ordenanza, así como no establecido polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A persoa usuaria estará obrigada ao pagamento do prezo público que se regula nesta ordenanza, as persoas físicas que utilicen ou se beneficien do servizo e actividades prestadas ou realizadas no servizo de atención residencial nos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, cando sexa de tracto sucesivo con execución continuada ou periódica e, en todo caso, dende a data da ocupación efectiva da praza ou momento de inicio da súa prestación.

Nos supostos de persoas con modificación da capacidade de obrar segundo se recolle na Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, a persoa obrigada ao pagamento será o/a gardador/a de feito que preste apoio, a cal deberá achegar a resolución xudicial, en caso de que exista.

Artigo 3.- Contía do servizo.

Defínense como servizos básicos, que integran o servizo de atención residencial, os que a continuación se relacionan: aloxamento; manutención e dietas; limpeza e mantemento das instalacións; lavandería e xestión da roupa; servizos de valoración, seguimento, avaliación; apoio nas actividades da vida diaria; atención sanitaria preventiva; rehabilitación funcional; estimulación cognitiva; ou calquera outro que estableza a ordenanza de acceso ao citado servizo. Consideraranse como servizos opcionais ou complementarios todos aqueles servizos que non estean considerados como básicos.

1. Os parámetros ou variables económico-sociais a aplicar en orde a determinación e liquidación do prezo público para os servizos básicos na modalidade ordinaria son:
 - a. A tipoloxía da praza a ocupar: sendo a tipoloxía de praza dependente para persoas que acaden unha puntuación de segundo o Índice de Barthel inferior ou igual a 50 puntos ou teñan unha valoración de dependencia en grao II ou en grao III. No caso de persoas con deterioro cognitivo a situación de autonomía será determinada no Informe de Valoración Social (IVS). A tipoloxía de praza autónoma aplicarase as persoas que acaden unha puntuación superior a 50 puntos no Índice de Barthel.
 - b. Para os servizos básicos na modalidade de acceso ordinaria, terase en conta:
 - I. A capacidade económica mensual en relación ao valor do IPREM establecido para cada anualidade: o sistema de cálculo directo sobre a capacidade económica da persoa usuaria consistirá na porcentaxe da súa capacidade económica nos tramos indicados na Táboa Servizo de Atención Residencial (TSAR).
 - II. O mínimo vital.
 - c. Non obstante terase en conta o recollido no artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo de referencia do servizo.
2. As persoas usuarias do servizo ao abeiro da modalidade excepcional segundo establece a ordenanza de acceso, achegarán o importe correspondente ao custo de referencia do servizo, sendo este importe o prezo público para a persoa usuaria, conforme ao disposto Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, ou normativa que a substitúa e/ou complementa. En todo caso esta participación poderá modificarse e aplicarse en relación á capacidade económica sen supoñer un cambio na modalidade de acceso.
3. No caso de ocupación efectiva da praza de persoas que se topen na listaxe de agarda, poderá procederse a revisar a participación económica da persoa usuaria no custe do servizo.
4. Determinación da participación económica para o servizo de atención residencial na modalidade ordinaria en función da capacidade económica: Prezo Público.

A participación da persoa usuaria calcularase multiplicando a súa capacidade económica mensual pola porcentaxe que lle corresponda segundo a Táboa Servizo de Atención Residencial. Para determinar a porcentaxe a aplicar, deberase calcular a proporción da súa capacidade económica mensual respecto ao IPREM. A porcentaxe resultante establecerá o tramo da "Táboa Servizo de Atención Residencial" a aplicar.

O cálculo da Participación económica segundo táboas (Pu) realízase pola seguinte fórmula:

$$Pu = Ce_m \times \% \text{ Táboa Servizo de Atención Residencial}$$

Sendo:

Ce_m = Capacidade económica mensual.

Unha vez obtida a contía, respectarase o mínimo vital, calculado segundo o establecido no artigo 5, que lle corresponda, e terase en conta os límites de participación no financiamento establecidos no artigo 6, dando finalmente o prezo público a aboar pola persoa usuaria.

TÁBOA SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL (TSAR)		
% da Ce_m RESPECTO DO IPREM, ATA	PERSONAS CON AUTONOMÍA	PERSONAS DEPENDENTES
	% sobre Ce_m	% sobre Ce_m
75,00%	69,50%	73,45%
82,50%	70,13%	73,97%
90,75%	70,82%	74,54%
99,83%	71,58%	75,17%
109,81%	72,42%	75,87%
120,79%	73,34%	76,63%
132,87%	74,36%	77,47%

TÁBOA SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL (TSAR)		
% da Ce_m RESPECTO DO IPREM, ATA	PERSOAS CON AUTONOMÍA	PERSOAS DEPENDENTES
	% sobre Ce_m	% sobre Ce_m
146,15%	75,47%	78,39%
160,77%	76,70%	79,41%
176,85%	78,05%	80,52%
194,53%	79,53%	81,75%
213,98%	81,16%	83,10%
235,38%	82,96%	84,59%
258,92%	84,94%	86,22%
284,81%	87,11%	88,03%
$\geq 309,81\%$	90,00%	90,00%

Artigo 4. Determinación da capacidade económica.

4.1. Regras para a determinación da capacidade económica para os servizos prestados na modalidade ordinaria.

A capacidade económica da persoa usuaria, para os efectos desta Ordenanza, determinarase mediante a suma dos ingresos anuais en cómputo individual (Iga) e da capacidade patrimonial (Cp).

A capacidade patrimonial calcularase en función do patrimonio a imputar, multiplicado polo coeficiente que lle corresponda na Táboa Redistributiva Progresiva (TRP).

A capacidade económica (Ce) determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual. Esta capacidade económica calculase pola seguinte formula:

$$Ce = (Iga + Cp)$$

Sendo:

Ce = Capacidade económica anual

Iga = Ingresos anuais en cómputo individual

Cp = Capacidade patrimonial

E a Capacidade económica mensual (Ce_m) calculase:

$$Ce_m = Ce/12$$

Sendo:

Ce_m = Capacidade económica mensual

Ce = Capacidade económica anual

4.2. Normas de valoración para o cálculo da capacidade económica.

4.2.1 Ingresos.

1. Consideraranse ingresos, calquera que sexa a súa fonte de procedencia, aqueles derivados directa ou indirectamente do traballo persoal, coma do capital ou substitutivos destes, dos bens e dereitos que integren o patrimonio, das pensións e/ou prestacións, e do exercicio de actividades económicas, así como os obtidos como consecuencia dunha alteración na composición do patrimonio.
2. Teñen a consideración de ingresos as prestacións recollidas polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) cando contribúan a que a persoa usuaria participe no custe do servizo.

3. Non serán obxecto de cómputo, para os efectos da determinación da capacidade económica da persoa usuaria, as axudas económicas establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, nin as contempladas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
4. No caso de persoas que contén con cónxuxe tomarase como referencia o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), así a súa renda final será o cociente de dividir entre dous a suma dos ingresos declarados, sempre e cando un dos membros da parella non conte con prestación propia. No caso de que ambos membros da parella perciban ingresos non será de aplicación o recollido neste punto.
5. Para os efectos do cálculo, consideraranse ingresos os fondos que formen parte dos depósitos en conta corrente ou de aforro, á vista ou a prazo, que non sexan por conta de terceiros, así como as contas de xestión de tesourería e contas financeiras e calquera outro tipo de imposición en conta, cuxa titularidade corresponda, de forma individual ou compartida, á persoa. A valoración efectuarase polo saldo que teña cada unha delas na data do 31 de decembro do ano fiscal pechado, salvo que aquel resultase inferior ao saldo medio correspondente ao último trimestre do ano, nese caso aplicarase este último.

No relativo aos depósitos exceptuaranse a efectos de ingresos a cantidade de 10.000 euros, entendendo que dispón destes recursos para cubrir as súas necesidades.

No relativo aos depósitos, para os efectos do cálculo da capacidade económica, exceptúase do cómputo de ingresos a contía de 10.000 euros.

No caso de depósitos, e salvo que se acredite separación de bens ou inexistencia de relación afectiva, imputarase a razón de 50% a cada persoa membro da parella, sempre e cando figure a titularidade compartida. No caso de persoas a cargo da persoa usuaria: descendentes ou persoas vinculadas a ela por razón de consanguinidade ata o segundo grao, sempre que sexan menores de vinte e cinco anos non emancipados ou maiores de tal idade en situación de dependencia (GRAO II ou III) ou con discapacidade superior ao 65%, distribuirase en función da valoración total do saldo entre as persoas que estean no suposto de a cargo.

6. Regras para o dividendo de ingresos, realizarase de maneira redistributiva e progresiva atendendo a catro bloques diferenciados:

- *Prestación periódica principal (PP1)*: rendas ou ingresos computables, os bens, dereitos ou rendementos de que dispoña a persoa derivados do traballo, das actividades económicas e as prestacións contributivas ou non contributivas, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras de maior importe, en cómputo anual.
- *Prestación periódica secundaria (PP2)*: os referidos no punto anterior de menor importe en cómputo anual, así como os rendementos do capital inmobiliario, as prestacións recollidas polo Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) cando contribúan a que a persoa usuaria participe no custe do servizo e todos aqueles ingresos económicos de carácter periódico.
- *Depósitos superiores a 10.000 euros*. Os depósitos en cómputo anual reflectidos no saldo que teña cada un deles na data do 31 de decembro do ano fiscal pechado, salvo que aquel resultase inferior ao saldo medio correspondente ao último trimestre do ano, nese caso aplicarase este último. A suma total aplicarase un coeficiente redutor progresivo conforme á “Táboa Redistributiva Progresiva”.
- *Ingresos derivados do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)*: os ingresos anuais obtidos e declarados que sexan puntuais e axustados ao ano fiscal, derivados dunha alteración substancial do seu patrimonio ou de rendas percibidas, sempre e cando este suposto non se vira reflectido no punto anterior. A suma total aplicarase un coeficiente redutor progresivo conforme á Táboa Redistributiva Progresiva.
- *Ingresos anuais en cómputo individual (Iga)*: suma do resultado dos apartados anteriores calculados en función do coeficiente redutor, sen prexuízo de establecelos na súa doceava parte.

A estrutura da Táboa Redistributiva Progresiva (TRP) é conforme a criterios de equidade, proporcionalidade e eficiencia administrativa. Para garantir unha aplicación progresiva e xusta do coeficiente redutor, establécense tramos de diferentes amplitudes en función do nivel económico, segundo a seguinte Táboa:

TÁBOA REDISTRIBUTIVA PROGRESIVA (TRP)	
VALOR PATRIMONIAL	COEFICIENTE REDUTOR
Ata 5.000 €	0,015
10.000 €	0,024
15.000 €	0,033
20.000€	0,042

TÁBOA REDISTRIBUTIVA PROGRESIVA (TRP)	
VALOR PATRIMONIAL	COEFICIENTE REDUTOR
25.000€	0,051
30.000€	0,060
35.000€	0,069
40.000€	0,078
45.000€	0,087
50.000€	0,096
60.000€	0,112
70.000€	0,128
80.000€	0,144
90.000€	0,160
100.000€	0,200
125.000€	0,240
150.000€	0,280
175.000€	0,320
200.000€ ou superior	0,360

Esta configuración acada un equilibrio entre precisión técnica na determinación do prezo público e viabilidade administrativa na súa aplicación, garantindo a progresividade e proporcionalidade do sistema conforme aos principios establecidos no marco normativo.

4.2.2. Bens patrimoniais.

Computaranse o conxunto de bens e dereitos de contido económico titularidade da persoa usuaria, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder, depósitos ou imposicións bancarias, contas correntes ou de aforro ata 10.000€, fondos de inversión ou instrumentos similares de colocación de efectivo.

Terán a consideración de bens patrimoniais para os efectos deste artigo, ademais dos relativos a colocación de efectivo, os bens mobles ou inmobles sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión ou calquera outro de análoga natureza. Para a tradución económica destes inmobles atenderase ao seu valor catastral. Nos supostos de cotitularidade só se terá en conta a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa beneficiaria.

Para os efectos da valoración de patrimonio, non se computarán na determinación do patrimonio nin o enxoval doméstico nin os bens e dereitos achegados a un patrimonio especialmente protexido dos regulados pola Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e con modificación da capacidade de obrar regulado no Código Civil, Lei de axuízamento civil e na normativa tributaria con esta finalidade, do que sexa titular a persoa usuaria, mentres persista tal afección. Non obstante, si se computarán na valoración da renda as derivadas de dito patrimonio, que non se integren nel.

En todo caso, computaranse as disposicións patrimoniais realizadas pola persoa usuaria nos catro anos anteriores á presentación da solicitude, tanto se son a título oneroso como de balde, a favor do/a cónxuxe, persoa con análoga relación de afectividade ao cónxuxe ou parentes ata o cuarto grao inclusive, nos termos e segundo as normas contidas na disposición adicional quinta da Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia e pola que se establece determinada norma tributaria.,

4.2.3. Capacidade patrimonial mensual.

A Capacidade patrimonial mensual (Cp_m) calcularase aplicando o coeficiente reductor da Táboa Redistributiva Progresiva ao valor do patrimonio imputable (P) e dividindo o resultado entre 12 mensualidades.

$$Cp_m = \frac{P * \text{coeficiente reductor Táboa Redistributiva Progresiva}}{12}$$

Sendo:

P: Patrimonio imputable

Cp_m :Capacidade patrimonial mensual

4.3. Procedemento para a actualización ou modificación da capacidade económica os servizos na modalidade ordinaria.

a. Como prazo máximo, no terceiro trimestre de cada ano, a Deputación de Lugo, procederá de oficio a revisar a capacidade económica de cada persoa usuaria, tomando en consideración os datos económicos subministrados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e outros organismos públicos, relativa ó último exercicio dispoñible. Non obstante, cando a capacidade económica da persoa usuaria só proveña da percepción de pensións, prestacións públicas o período que se computará na súa determinación será o correspondente ao ano en curso. En todo caso a nova participación aplicarase a 1 de xullo do mesmo e con efectos retroactivos, de ser o caso, a 1 de xaneiro do ano correspondente, podendo levase a cabo cunha liquidación complementaria.

b. Independentemente do reflectido no apartado anterior, calquera alteración substancial da capacidade económica da persoa beneficiaria determinará unha revisión do prezo público con efectos a partir do primeiro día do mes seguinte da revisión. A tal efecto, a persoa beneficiaria deberá comunicar ditos cambios a Deputación de Lugo, nun prazo máximo de 10 días a partir do momento no que se produzan. Procederá a establecer unha nova capacidade económica persoal estimada para o exercicio de referencia, para o que se tomará como ingresos por prestacións os que recibise a persoa interesada tendo en conta as novas contías, aplicando as normas xerais vixentes sobre revalorización de prestacións. No suposto de que a alteración substancial teña efectos económicos anteriores á data da notificación, tomarase como referencia a data do feito causante e os importes obtidos aplicando unha liquidación complementaria.

A efectos de establecer a capacidade económica, na solicitude deberá constar o consentimento inequívoco da persoa interesada, ou daqueles que ostenten a súa garda de feito, para consultar aqueles datos necesarios para o cálculo da capacidade económica, ao amparo no disposto na normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen prexuízo de poder requirir á persoa interesada calquera documentación necesaria. No caso de que exista diferenza entre a información achegada polas persoas interesadas e obtida pola Administración Pública, poderase utilizar esta última para a determinación da capacidade económica.

No caso de que se detecte unha minoración da capacidade económica e esta non estea xustificada, entendendo como xustificación aqueles gastos efectuados que teñan por obxectivo contribuír ao benestar da persoa usuaria, sexa físico ou social, tomarase como referencia a efectos de cálculo os datos económicos dos que dispoña a administración e que reflectan unha maior contribución á capacidade económica da persoa.

A ocultación e o falseamento de datos económicos co obxectivo de non contribuír ao financiamento no custo dos servizos e a súa participación no prezo público procederá á aplicación do réxime sancionador establecido na ordenanza de acceso.

c. Unha vez determinada a capacidade económica e establecida a participación no custo do servizo para cada persoa usuaria, a Presidencia da Deputación de Lugo ditará resolución co prezo público correspondente, producindo efectos dende o día da resolución.

Cando a nova capacidade económica e participación no custo do servizo, derive dunha alteración substancial que teña efectos económicos anteriores á data da modificación, tomarase como referencia a data do feito causante e os importes obtidos xerando unha liquidación complementaria.

Artigo 5. Mínimos vitais.

Con independencia do importe a abonar polo custo dos servizos básicos na modalidade ordinaria, derivada da capacidade económica da persoa usuaria, no caso de que a usuaria dispoña de ingresos propios periódicos, garantirase unha contía mínima denominada Mínimo vital (Mv) para gastos persoais que quedarán integramente á disposición do seu perceptor/a calculada en función dos seus ingresos e determinada segundo as seguintes consideracións:

1. *Mínimo Vital de Ingresos (Mv)*: calcularase en función da doceava parte dos ingresos anuais derivados da prestación principal mensual ou prestación periódica (Pp_a), multiplicado polo coeficiente que lle corresponda

segundo a “Táboa Mínimos Vitais”. Terase en conta que a prestación principal mensual Pp_m , será o importe da pensión ou prestación principal en computo anual dividido entre 12.

No caso de que a persoa usuaria sexa beneficiaria dunha pensión non contributiva complementaria a unha pensión de xubilación/invalidez, estas dúas pensións computaranse como unha única pensión.

A Prestación principal mensual (Pp_m) calculase coa seguinte formula:

$$Pp_m = \frac{Pp_a}{12}$$

Sendo:

Pp_a : prestación principal anual

Pp_m : prestación principal mensual

O *Mínimo vital de ingresos* (Mv_i) calcúlase con esta formula:

$$Mv_i = (Pp_m \times \text{coeficiente táboa mínimos vitais})$$

Sendo:

Mv_i = Mínimo vital de ingresos

Pp_m : prestación principal mensual

TÁBOA MÍNIMOS VITAIS	
ATA INGRESOS LÍQUIDOS MENSUAIS	COEFICIENTE PROGRESIVO MÍNIMO VITAL
500,00 €	0,250
600,00 €	0,220
700,00 €	0,190
800,00 €	0,170
900,00 €	0,160
1.000,00 €	0,150
1.100,00 €	0,150
1.200,00 €	0,150
1.300,00 €	0,150
1.400,00 €	0,140
1.500,00 €	0,140
1.600,00 €	0,140
1.700,00 €	0,140
1.800,00 €	0,135
1.900,00 €	0,135
2.000,00 €	0,135

TÁBOA MÍNIMOS VITAIS	
ATA INGRESOS LÍQUIDOS MENSUAIS	COEFICIENTE PROGRESIVO MÍNIMO VITAL
2.100,00 €	0,135
2.200,00 €	0,130
2.300,00 €	0,130
2.400,00 €	0,130
2.500,00 €	0,130
2.600,00 €	0,125
2.700,00 €	0,125
2.800,00 €	0,125
2.900,00 €	0,125
≥ 3000,00 €	0,120

2. O *Mínimo vital de capacidade patrimonial* (Mv_{cp}), calcularase restando a Capacidade patrimonial mensual (Cp_m), ao Mínimo vital de ingresos, segundo a seguinte fórmula:

$$Mv_{cp} = Mv_i - Cp_m$$

Sendo:

Mv_{cp} :Mínimo vital de capacidade patrimonial

Mv_i : Mínimo vital de ingresos

Cp_m :Capacidade patrimonial mensual

O Mv_{cp} será tido en conta para os efectos de cálculo da achega da persoa usuaria.

3. En calquera caso, garantirase á persoa usuaria unha dispoñibilidade mínima equivalente ao **20% do IPREM mensual**. Este mínimo incrementárase ata un máximo do 26% do IPREM para as persoas menores de 65 anos e que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% segundo o certificado de discapacidade emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) correspondente, en concepto de custos adicionais asociados á discapacidade.

Sempre que a persoa usuaria obtivese ingresos iguais ou superiores ao importe íntegro da pensión de xubilación e invalidez da seguridade social na súa modalidade non contributiva, previsto nas leis de orzamentos do Estado, garantiráselle a contía correspondente á mensualidade da pensión de xubilación e invalidez da seguridade social na súa modalidade non contributiva (excluindo as pagas extras), cando o seu cónxuxe, ou persoa con relación análoga a conxugal, permanecese na súa vivenda habitual e acredítase non dispoñer de recursos económicos superiores á citada contía na súa unidade de convivencia. No suposto anterior, o cónxuxe ou persoa con análoga relación, deberá iniciar aqueles trámites que lle permitan dispoñer de ingresos periódicos para a cobertura das súas necesidades, realizando estes nun prazo máximo de 10 días posteriores á ocupación efectiva da praza pola persoa usuaria no servizo. Unha vez que o cónxuxe, ou relación análoga, reciba resolución favorable de concesión de pensión ou prestación, revisárase a participación económica da persoa usuaria, tendo efectos económicos dende a data da resolución da dita pensión ou prestación.

Artigo 6.- Límites de participación no financiamento

Conforme á Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, o sistema garantirá unha atención equitativa a toda a cidadanía en situación de dependencia. As persoas beneficiarias contribuirán economicamente ao financiamento dos servizos de forma progresiva en función da súa capacidade económica, tendo en conta o tipo de servizo prestado e o seu custo.

Así é preciso establecer un *custo de referencia do servizo* (Crs) con obxecto de, por unha banda, asegurar a sustentabilidade económica do sistema e, por outro, establecer límites adecuados á porcentaxe máxima do custo que se financiará polas persoas usuarias en función da súa capacidade económica. O Crs será establecido pola

fixación do custo real do servizo prestado na totalidade dos CAMS de xestión directa da Deputación de Lugo, determinado por persoa usuaria, diferenciado por modalidade de autonomía ou dependencia. Esta determinación será realizada en base ao cálculo das liquidación anuais dos centros de atención a persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, así como de consideracións sociais, sendo de xeito final aprobada por Acordo da Xunta de Goberno.

Así o Crs establecerá o límite máximo de achega da persoa usuaria atendendo ao seguinte criterio de Participación económica segundo táboas (Pu):

$$Pu = Ce_m \times \% \text{ Táboa Servizo de Atención Residencial}$$

Sendo:

Pu = Participación económica segundo táboas

Ce_m = Capacidade económica mensual en euros.

A participación económica segundo os ingresos anuais en cómputo individual (Pi) calculase coa seguinte formula:

$$Pi = (Iga/12) - Mv$$

Sendo:

Iga= ingresos anuais en cómputo individual

Mv = Mínimo vital

$$P = Pu \text{ se } Pu < Pi$$

$$P = Pi \text{ se } Pu \geq Pi$$

$$\text{en todo caso } P \leq Crs$$

Sendo:

P = Participación na liquidación do prezo público

Pu = Participación económica segundo táboas

Pi= Participación económica segundo Iga

Crs = Custo de referencia do servizo

Artigo 7.- Normas de xestión

1. A obriga de pagamento nace dende que se inicia a prestación do servizo, é dicir, o día da ocupación efectiva da praza por parte da persoa usuaria.
2. O prezo do primeiro mes será liquidado por días, de xeito proporcional, cando a alta non se produza o primeiro día do mes.
3. No momento da perda da condición de persoa usuaria do servizo, realizarase a liquidación correspondente á mensualidade tendo en conta os días de ocupación, de xeito proporcional.
4. No suposto de suspensión temporal dos servizos, terase en conta o seguinte:
 - a. As ausencias motivadas por unha convivencia familiar, así como as que se entendan vencelladas a un período de vacacións ou de descanso, que terán como máximo unha duración de 30 días naturais continuados ao ano, os cales poderán ser desagregados en dous períodos de 15 días naturais continuados ao ano, ou en catro períodos de sete días naturais continuados ao ano.

Estas ausencias non deivindicarán na obriga de pago en concepto de reserva de praza, sempre e cando se comunique cunha antelación por parte da persoa beneficiaria cun mínimo de 10 días naturais de antelación.

No caso de non comunicarse a ausencia no período indicado, poderán participar no custo do servizo nun 100% do importe correspondente en concepto de reserva de praza.

b. As ausencias puntuais non planificadas ou outras situacións de ausencia. A participación no custo do servizo será do 100%. podendo a criterio técnico establecer unha participación económica do 90 % do importe correspondente do prezo público en concepto de reserva de praza.

c. Para os efectos de suspensións terase en conta que, se a persoa usuaria inicia a suspensión temporal despois das 12.00 da mañá, ese día computarase como día ordinario.

Artigo 8.- Pagamento do prezo público.

1. A recadación da achega económica mensual realizarase mediante a domiciliación nunha conta corrente de titularidade da persoa usuaria que se atope aberta nunha entidade de crédito, por meses vencidos. O pago entenderase realizado na data do cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que a tal efecto expida a entidade de crédito.

2. No suposto de devolución do recibo á entidade emisora, a Administración practicará a correspondente liquidación da débeda co contido que determina o artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que será notificada nos termos establecidos na Sección 3.^a do Capítulo II do Título III da devandita Lei.

3. Expedirase pola Deputación de Lugo a correspondente liquidación na que se expresarán separadamente cada un dos conceptos liquidados, reflectindo cando menos:

- Identificación da administración que presta o servizo.
- Identificación da persoa usuaria.
- Natureza do ingreso e normativa de aplicación.
- Elementos que configuran a débeda e cantidade que se debe ingresar.
- Os medios de impugnación que proceda, indicando os prazos e os órganos ante os que se deben interpoñer.

Artigo 9.- Devolución de ingresos.

Cando por causas que poidan ser imputables á Deputación de Lugo, non se preste o servizo procederase á devolución do importe correspondente á persoa obrigada ao pagamento.

Artigo 10.- Procedemento de constrinximento

As débedas por estes prezos públicos non satisfeitas en período voluntario esixiranse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Disposición adicional

No caso de que a persoa usuaria solicite expresamente o uso dunha habitación clasificada como individual, esta terá un custe de 100,00 € adicionais, actualizando este importe conforme ao IPC. Este custe será a cargo da persoa usuaria e será liquidado adicionalmente e achegará o importe total do seu custe, non sendo de aplicación os parámetros ou variables económico-sociais.

En todo caso, a asignación da tipoloxía da habitación, estará supeditada a situación do Centro.

Disposición transitoria

As persoas usuarias que á entrada en vigor desta ordenanza teñan a condición de persoas usuarias do servizo de atención residencial, nos centros que na actualidade xestiona a Deputación de Lugo de xeito directo mediante o sistema colaboración interadministrativa regulada nos Convenios Marcos, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e nos Convenios Específicos para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores, aplicaráselles a presente ordenanza dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria

Dende a entrada en vigor da presente ordenanza, quedan derogadas as disposicións de rango igual ou inferior que se opoñan á mesma, en particular as ordenanzas reguladoras do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial nos correspondentes centros de atención a persoas maiores xestionados segundo indicado na disposición transitoria.

Disposicións finais**Disposición final primeira Modificación da Ordenanza**

A Deputación de Lugo cos requisitos esixidos na normativa en materia de Réxime Local e Procedemento administrativo, poderá modificar a presente Ordenanza.

Disposición final segunda Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 16 de xuño de 2026.- A presidenta, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

O Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria realizada o 31 de marzo de 2026, acordou dar aprobación de xeito inicial ao Regulamento de réxime interno para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo quedando aprobada de xeito definitivo despois de dar cumprimento co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación á información pública, procedéndose á publicación do texto íntegro en dito Boletín Oficial a efectos da súa entrada en vigor.

Lugo, 16 de xuño de 2026.- A presidenta, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO PARA O SERVIZO PÚBLICO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NOS CENTROS ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE XESTIÓN DIRECTA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

ÍNDICE

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. OBXECTO

ARTIGO 2. IDENTIFICACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 3. AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA SECTORIAL DE SERVIZOS SOCIAIS

CAPÍTULO II. CATÁLOGO DE SERVIZOS

ARTIGO 4. PRESTACIÓNS BÁSICAS

ARTIGO 5. PRESTACIÓNS OPCIONAIS OU COMPLEMENTARIAS

CAPÍTULO III: DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 6. OCUPACIÓN EFECTIVA DA PRAZA

ARTIGO 7: PERÍODO DE ADAPTACIÓN E OBSERVACIÓN.

ARTIGO 8. SUSPENSIÓN TEMPORAL

CAPÍTULO IV : DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS. PERDA DA CONDICIÓ DE PERSOA USUARIA

ARTIGO 9. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 10. OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 11. NORMAS DE CONVIVENCIA

ARTIGO 12. CAUSAS DE BAIXA

ARTIGO 13 . ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DA BAIXA NO SERVIZO

CAPÍTULO V: RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 14. RESPONSABLES

ARTIGO 15. INFRACCIÓNS LEVES

ARTIGO 16. INFRACCIÓNS GRAVES

ARTIGO 17. INFRACCIÓNS MOI GRAVES

ARTIGO 18. REINCIDENCIA DE INFRACCIÓNS

ARTIGO 19. SANCIÓN

ARTIGO 20. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 21. PRESCRICIÓ DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

CAPÍTULO VI: PREZO DOS SERVIZOS

ARTIGO 22. SUPOSTO DE FEITO E OBRIGADO/A AO PAGAMENTO DOS SERVIZOS.

ARTIGO 23. RÉXIME XURÍDICO DE PARTICIPACIÓN NO CUSTE DOS SERVIZOS.

ARTIGO 24. PAGAMENTO DO PREZO PÚBLICO.

ARTIGO 25. REVISIÓN DE PREZOS

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

DISPOSICIÓ TRANSITORIA

DISPOSICIÓ FINAL

Conforme ao disposto no artigo 7.b) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, todos os centros de servizos sociais deben dispor dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garantan o respecto aos dereitos das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Co obxecto de dar cumprimento ca normativa de aplicación procede a redacción dun regulamento de réxime interno, que recolla as normas de auto-organización, para a prestación do servizo público de atención residencial prestados nos centros de atención a maiores da Deputación Provincial de Lugo de xestión directa.

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto establecer as bases fundamentais de organización e funcionamento do servizo público de atención residencial prestados nos centros de atención a maiores da Deputación Provincial de Lugo de xestión directa.

ARTIGO 2. IDENTIFICACIÓN DO SERVIZO

O servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, son unha serie de establecementos públicos enmarcados dentro dos servizos sociais comunitarios específicos os cales prestan servizos de atención diúrna, nocturna, integral de xeito permanente ou temporal ás persoas cunha idade igual ou superior ós 65 anos, ou, excepcionalmente ás persoas maiores de 60 anos, que necesiten de apoio ou axuda doutras para a realización das súas actividades da vida diaria, así como, aquelas que por circunstancias persoais e/ou sociais poidan equipararse ás do mencionado colectivo, nun espazo e instalacións destinados e autorizados a tal fin.

A entidade titular do servizo é a Deputación Provincial de Lugo/o Concello de, con enderezo na, no Concello de e inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais co número E1328.

ARTIGO 3.- AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA SECTORIAL DE SERVIZOS SOCIAIS

Os centros de atención a persoas maiores de xestión directa da Deputación Provincial de Lugo contan cos permisos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

Así mesmo, contan cos demais requisitos esixidos pola normativa sectorial aplicable ao resto de servizos prestados nos centros de atención a maiores.

CAPÍTULO II. CATÁLOGO DE SERVIZOS

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, establece que corresponden ás comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias que lles son propias segundo a Constitución Española, os Estatutos de Autonomía e a lexislación vixente, diversas funcións, como planificar, ordenar, coordinar e dirixir, no ámbito do seu territorio, os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia.

As prestacións de atención á dependencia poderán ter a natureza de servizos e destinaranse, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

O catálogo de Servizos, artigo 15, da Lei 39/2006, comprende os servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia recollendo, entre outros o Servizo de Atención Residencial.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, configura para a Comunidade Autónoma de Galicia, unha carteira que define os servizos sociais de promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia de forma ampla e centrándose na especialización por colectivos de dependencia, a fin de conseguir unha atención máis centrada nas necesidades da persoa tendo en conta o seu grao de dependencia. Por tanto, esta norma constitúe un desenvolvemento especializado da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Forman parte da carteira de servizos comúns os servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, dirixidos a persoas cuxo diagnóstico non requira a asignación de servizos que, sendo da mesma natureza, atópanse incluídos en calquera das carteiras específicas. Intégranse nesta carteira, entre outros os servizos de atención residencial, con modalidade básica e terapéutica. O Anexo I Carteira de servizos do Decreto 149/2013, establece que formarán parte do servizo de atención residencial as seguintes prestacións, as cales teñen carácter de básico:

- A) Area de información, valoración, seguimento e orientación
- a) Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación

Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios. Plan de atención individual (PAI). Seguimento e avaliación do PAI.

b) Servizo de información, orientación e formación a familiares

Acollida e valoración de necesidades da familia. Avaliación da necesidade e intensidade dos apoios. Plan de apoio familiar. Seguimento e avaliación do plan de apoio familiar

B) Area de actividades e programas

Actividades de ocio e tempo libre

C) Area de formación básica e instrumental

Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria

D) Area de mantemento e/ou rehabilitación

Rehabilitación funcional. Terapia ocupacional. Estimulación cognitiva. Atención sanitaria preventiva. Atención médica. Atención de enfermería.

E) Area de Servizos xerais

Aloxamento. Manutención e dietas especiais. Limpeza e mantemento. Xestión e administración. Supervisión e vixilancia. Lavandería/xestión de roupa

ARTIGO 4. PRESTACIÓNS BÁSICAS

O servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo presta os servizos básicos que a continuación se relacionan:

a) Aloxamento: a persoa usuaria disporá dunha habitación e servizo hixiénico e poderá utilizar as zonas e espazos comúns de convivencia de conformidade co establecido nestas Normas de Funcionamento. Permitirase ao residente ter na súa habitación motivos de decoración e utensilios de seu que faciliten a súa adaptación ao centro. Polo contrario, non será admitida a instalación de mobles ou electrodomésticos propios da persoa usuaria.

b) Manutención e dietas: este servizo inclúe almorzo, xantar, merenda e cea. Elaborarase un menú basal e dietas especializadas en función das patoloxías das persoas usuarias. Estes menús serán supervisados por persoal médico ou técnico especialista en dietética e/ou nutrición e serán expostos no taboleiro do centro para coñecemento das persoas usuarias. As dietas especializadas dispensaranse sempre previa prescrición dun facultativo.

c) Limpeza e mantemento das instalacións.

d) Lavandería e xestión da roupa: este servizo inclúe o lavado, secado e pasado de ferro da roupa dos residentes e da lencería do centro. A persoa usuaria achegará a roupa e calzado de uso persoal debidamente marcada e a repoñerá ao seu cargo. Poderá fixarse un número mínimo de mudas por usuario de acordo coas súas características.

A lencería correrá a cargo do centro. O lavado da lencería efectuarase coa frecuencia que requiran as necesidades das persoas usuarias.

e) Servizos de valoración, seguimento, avaliación. O equipo interdisciplinar do centro elaborará un Plan de Atención Individualizado (PAI) de cada persoa usuaria, no que constará a valoración integral da persoa usuaria, a detección das súas necesidades e potencialidades, o plantexamento de obxectivos concretos, a determinación de programas e actividades para acadar os obxectivos, a execución efectiva de ditas actividades e a avaliación periódica do cumprimento dos obxectivos definidos. Na elaboración do PAI terase como referencia o principio de participación da persoa usuaria e, no seu caso do seu representante legal ou familiar de referencia, así como o principio do complemento mínimo imprescindible, co fin de fomentar a realización do maior número de actividades posible polo usuario/a.

f) Apoio nas actividades da vida diaria. Este servizo comprende a asistencia na realización das actividades básicas e instrumentais que a persoa usuaria non poida realizar por si mesma (alimentación, hixiene persoal, control da medicación...).

Respecto á hixiene persoal, os produtos de aseo de uso común (xabóns, colonias, pasta dentífrica, champo, xel...) serán de conta do centro. Serán a cargo das persoas usuarios aqueles produtos de marcas ou tipos específicos preferidos por eles.

En canto ao material de incontinencia e demais produtos sanitarios serán subministrados, con carácter xeral, polas persoas usuarias con cargo ao sistema público sanitario. As próteses, órteses, cadeiras de rodas e axudas técnicas de uso persoal serán a cargo das persoas usuarias, sen prexuízo da cobertura que o sistema correspondente preveña en cada caso. O centro coidará de que estes elementos se manteñan en condicións de limpeza, hixiene e normal funcionamento, sendo a cargo dos/as usuarios/as as reparacións ou reposto dos mesmos.

g) Atención sanitaria preventiva. O servizo de atención sanitaria preventiva comprende as actuacións de promoción da saúde, dirixidas a adquirir, manter e mellorar uns hábitos de vida saudables. Asemade, comprende o

seguimento dos tratamentos médicos prescritos e o control de parámetros vitais en coordinación co Sistema Público de Saúde, así como o control e administración da medicación das persoas usuarias, seguindo a prescrición facultativa.

h) Rehabilitación funcional. Este servizo consiste no desenvolvemento de actividades preventivas e de mantemento da capacidade física e funcional das persoas usuarias ben individuais ou grupais.

i) Estimulación cognitiva. Este servizo consiste na realización polas persoas usuarias, baixo supervisión do persoal competente, de actividades que potencien e melloren a súa autonomía e preveñan o seu deterioro.

ARTIGO 5. PRESTACIÓNS OPCIONAIS OU COMPLEMENTARIAS

Consideraranse como opcionais ou complementarios todos aqueles servizos que non estean recollidos como servizos básicos. No caso de que se presten polo centro, estes servizos serán a cargo da persoa usuaria e serán liquidados adicionalmente, segundo as contías que se exporán para o coñecemento público no taboleiro do Centro.

CAPÍTULO III: DAS PERSOAS USUARIAS

ARTIGO 6. OCUPACIÓN EFECTIVA DA PRAZA

A persoa usuaria ou quen exerza a súa representación legal ou de feito deberá ter recibido a resolución administrativa de que lle foi adxudicada praza no centro.

A persoa usuaria ou quen exerza a súa representación legal ou de feito deberá coñecer e aceptar o cumprimento das normas internas de funcionamento do centro, e asinar o contrato de prestación de servizos na data da ocupación efectiva da praza. O contrato regulará todos os aspectos fundamentais da relación dende a data da ocupación ata a súa baixa no servizo .

A persoa usuaria contará con un expediente individual, no cal constará, como mínimo:

- a) Da aceptación expresa do servizo outorgado, con indicación das condicións de prestación do servizo.
- b) Contrato de Prestación de Servizos e os anexos do mesmo: documento de Informatización dos datos bancarios e autorización asinada para o cobro dos servizos, inventario de pertenzas inicial, declaración na que se especifique o destino/destinatario/a das súas pertenzas no caso de falecemento e o xustificante do depósitos de obxectos de valor na caixa forte do centro, de ser o caso.
- c) Datos de identificación (nome e apelidos, DNI/NIE e data e lugar de nacemento)
- d) Datos dos familiares, titor/a, da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardador/a de feito.
- e) Valoración actualizada na escala Barthel e naquelas outras escalas que resulten axeitadas para a avaliación da persoa usuaria, asinadas por persoal técnico competente.
- f) Plan de Atención Individualizado (PAI), así como instrumentos que permitan a avaliación do mesmo.
- g) Prescrición médica da medicación, actualizada.
- h) Aqueles instrumentos técnicos que faciliten o seguimento da situación integral da persoa.
- i) Observacións sobre a convivencia da persoa usuaria no centro.
- j) Copia do seguro de decesos, se é o caso.

No relativo ao inventario de pertenzas e o depósito de obxectos de valor na caixa forte do centro, estes estarán actualizados conforme ás altas e baixas de pertenzas ou obxectos de valor que deberá asinar a persoa usuaria, ou quen exerza a súa representación legal ou de feito e a persoa responsable do servizo.

ARTIGO 7. PERÍODO DE ADAPTACIÓN E OBSERVACIÓN.

O período de adaptación ten por finalidade comprobar se as persoas usuarias e, de ser o caso, as persoas con vinculación de feito, reúnen as condicións indispensables de permanencia no servizo, tendo en conta as características e funcionamento propio do servizo. O período de adaptación e observación terá unha duración de 30 días prorrogable por outros 30 de maneira excepcional, dita excepcionalidade deberá ser xustificada pola persoa responsable do centro. A non superación do período de adaptación comporta que a persoa usuaria, e de ser o caso, a persoa con vinculación de feito asociada á solicitude de acceso, perda a condición de persoa usuaria.

Neste caso, no suposto de non superación do período de adaptación, deberán ser informados os servizos sociais da Deputación de Lugo, como mínimo 10 días antes do remate do prazo do período de adaptación. Así o equipo dos servizos sociais da Deputación de Lugo avaliarán novamente a adecuación do recurso á necesidade, podendo solicitar ao Centro toda aquela información que precise, co obxecto de emitir un informe de ratificación de permanencia ou da non superación do período de adaptación. En todo caso, e tratándose dun colectivo vulnerable, non se poderá rescindir o contrato unilateralmente por parte do centro, sen que exista a conformidade dos servizos sociais da Deputación de Lugo.

ARTIGO 8. SUSPENSIÓN TEMPORAL

O servizo poderá ser suspendido por ausencias motivadas por unha convivencia familiar, así como as que se entendan vencelladas a un período de vacacións ou de descanso, que terán como máximo unha duración de 30 días naturais continuados ao ano, dous períodos de 15 días naturais continuados ao ano, ou catro períodos de sete días naturais continuados ao ano. Debendo se ser comunicados previamente á persoa responsable do centro, con unha antelación suficiente que permita organizar a ausencia temporal.

CAPÍTULO IV : DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS. PERDA DA CONDICIÓ DE PERSOA USUARIA

ARTIGO 9. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

De conformidade co artigo 6 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, estas normas de funcionamento establecen os seguintes dereitos das persoas usuarias:

- a) A utilizar os servizos do centro en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social.
- b) A recibir un trato acorde coa dignidade da persoa e co respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal coma das demais persoas implicadas no centro.
- c) Dereito das persoas a ter e expresar as súas propias opinións, así como a identificar e que se leven a cabo intervencións baseadas nos seus valores, crenzas e proxectos vitais.
- d) A intimidade persoal e á protección da propia imaxe.
- e) A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios de cara ao seu acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- f) A recibir información de xeito áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e as prestacións do centro e do sistema galego de servizos sociais.
- g) A coñecer, en todo momento, o prezo dos servizos e as súas variacións e as modificacións esenciais da prestación destes.
- h) A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia e a globalidade no proceso de intervención social. Sen perxuízo da súa delegación, o/a director/a do centro asumirá esta función.
- i) Á confidencialidade e ao segredo profesional, ao sxiilo e ao respecto en relación cos seus datos persoais e coa información que sexa coñecida polo centro en razón da intervención profesional, sen perxuízo do posible acceso a aqueles no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- k) A acceder ao seu expediente persoal e a obter copia do mesmo.
- l) A recibir, en todo momento, a información necesaria e axeitada que permita elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do centro e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso.
- m) A rexeitar a oferta de participación en servizos ou programas que opcionalmente lles oferte o centro.
- n) Á calidade dos servizos e prestacións recibidas, para o que poden presentar suxestións e reclamacións.
- o) A dar instrucións previas respecto da asistencia ou dos coidados que se lles poidan administrar, co obxecto de facer fronte a situacións futuras en cuxas circunstancias non sexan capaces de expresalas persoalmente.
- p) A manter relacións interpersoais e a recibir visitas, e a realizar saídas de acordo con este Regulamento.
- q) Ao respecto dos dereitos lingüísticos.
- r) A asociarse, co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.
- s) A deixar de utilizar os servizos ou a abandonar o centro por vontade propia.
- t) Aos demais dereitos que, en materia de servizos sociais, estean recoñecidos na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no resto do ordenamento xurídico.

ARTIGO 10. OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

De conformidade co artigo 7 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, estas normas de funcionamento establecen o presente catálogo de deberes das persoas usuarias:

- a) Cumprir as normas, os requisitos e os procedementos para o acceso ao centro e ao sistema galego de servizos sociais, para o que facilitarán información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para a súa utilización e comunicarán as variacións que estas experimenten.

- b) Respetar e colaborar no mantemento e bo uso das instalacións do centro.
- c) Comunicarlle ao persoal de referencia calquera cambio significativo de circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta.
- d) Comunicar os períodos de ausencia á dirección coa debida antelación.
- e) Colaborar co persoal do centro encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas con eles e seguindo os programas e as orientacións que lles prescriban.
- f) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais do centro, participando activamente no proceso que xere a intervención social na que sexan destinatarias.
- g) Participar de xeito activo no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- h) Contribuír ao financiamento do custo dos servizos consonte a normativa vixente.
- i) Observar as demais normas que dimanen deste documento e das demais normas de funcionamento ou convivencia no centro.
- k) Deber de facer fronte aos gastos que se ocasionen por desprazamento da persoa beneficiaria ao centro residencial, tanto no suposto de novo ingreso como de traslado, así como aos derivados dis períodos de ausencia.
- l) As persoas usuarias, asumirán aqueles gastos derivados da adquisición de artigos de uso persoal, gastos efectuados voluntariamente, así como a adquisición de fármacos e produtos non financiados polo sistema da Seguridade Social e/ou seguro privado do cal a persoa sexa beneficiaria.

ARTIGO 11. NORMAS DE CONVIVENCIA

A condición de persoa usuaria está vinculada ao cumprimento das seguintes normas, derivadas da organización do servizo e para garantir o correcto funcionamento do centro e a debida protección do conxunto das persoas residentes. Estas normas deben ser respectadas pola persoa usuaria, así como polas persoas que ostentan unha figura de apoio xudicial ou gardador de feito, ou estean vinculadas a ela:

- a) Respetar aos demais usuarios/as, así como ao persoal do centro.
- b) Non apropiarse indebidamente de obxectos que pertencen aos demais usuarios/as, ao persoal ou ao propio centro.
- c) Respetar as instalacións e mobiliario do centro.
- d) Cumprir, de ser o caso, os horarios establecidos para as actividades do centro, así como os horarios das comidas.
- e) Respetar a limitación de acceso ás zonas restrinxidas ás persoas usuarias (administración, cociña, almacén...).
- f) Consumir comidas e bebidas, agás auga, soamente nos espazos reservados para tal fin, que en ningún caso será na habitación da persoa usuaria, excepto polas necesidades de coidado que puidese presentar a persoa usuaria.
- g) Respetar o establecido na Lei 28/2005, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo.
- h) Manter unha hixiene adecuada.
- i) Queda expresamente prohibido o uso de calquera dispositivo que interfira ou poda interferir na protección de datos persoais ou non respecte ou dereitos dixitais, nas zonas de convivencia, habitacións e aseos baños.
- k) Non gardar a debida confidencialidade dos datos ou accións das que teña coñecemento pola execución do servizo.
- l) Depositar a roupa sucia no lugar habilitado para tal fin.

ARTIGO 12. CAUSAS DE BAIXA

A prestación do servizo poderá extinguirse por algunha das seguintes causas, perdendo a persoa usuaria esta condición por mor de:

- a) Baixa voluntaria a petición da persoa usuaria, da persoa gardadora de feito ou da figura de apoio xudicial recoñecida, nestes dous últimos casos previa autorización xudicial se así o estiman os servizos sociais da Deputación de Lugo conforme á normativa vixente.
- b) Por ocultación ou falsidade nos datos e/ou documentos que se teñan en conta para a concesión do servizo.
- c) Por incumprimento das obrigacións e deberes ou por infraccións segundo o establecido no presente regulamento, na LSSG e no título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coas especialidades previstas na presente ordenanza.
- d) Por ausencias non previstas na presente ordenanza e ou ausencias continuadas durante un período de máis de 30 días naturais, sen comunicación previa á persoa responsable do centro.

e) Presentar cadros de alteracións condutuais que interfiran no normal funcionamento do centro, ou unha situación socio-sanitaria que impida a súa atención no centro cuns mínimos de garantías e calidade. En todo caso, as variacións substanciais do estado de saúde inicial no momento da ocupación efectiva da praza da persoa usuaria, motivarán novas valoracións dos/as profesionais en relación a idoneidade da permanencia no servizo. Os servizos sociais da Deputación de Lugo vistos os informes do persoal técnico no eido sociosanitario poderán propoñer a baixa do servizo ou traslado.

f) Traslado a outro servizo ou centro.

g) Falta de pagamento continuado. Os servizos sociais da Deputación de Lugo avaliarán que a mesma non sexa imputable á persoa usuaria, circunstancia que non dará lugar a baixa da persoa no servizo. Se a causa da falta de pagamento sexa derivada da figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito, darase traslado á autoridade xudicial competente correspondente, co obxecto de protexer a esfera persoal e patrimonial da persoa usuaria.

h) Por falecemento.

i) Por non superación do período de adaptación.

k) Por calquera outra causa conforme á normativa vixente establecida para o efecto.

Calquera causa de baixa ou extinción do servizo deberá ser comunicada aos servizos sociais da Deputación de Lugo quen terán que tramitar o correspondente expediente de baixa.

ARTIGO 13 . ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DA BAIXA NO SERVIZO

A perda da condición de persoa usuaria deberá ser comunicada dende o CAM aos servizos sociais da Deputación de Lugo, quen tramitará o expediente de baixa no servizo, dando lugar, de ser o caso, á Resolución da Presidencia.

Cando a baixa se produza por calquera das circunstancias ás que se refiren as letras b), c), d), e), g) , ou k), deberá garantirse, en todo caso, a audiencia previa da persoa interesada, figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito.

Contra esta resolución de baixa, que pon fin á vía administrativa, a persoa interesada ou quen exerza de figura de apoio xudicial legal legal ou gardadora de feito, poderá interpoñer recurso potestativo ante a Deputación de Lugo, de conformidade coa Lei 39/2015.

As persoas que ostentan unha figura de apoio xudicial ou gardador de feito das persoas usuarias que causen baixa no centro por falecemento deberán retirar do mesmo todos os efectos persoais e bens de calquera tipo no prazo improrrogable de dez días seguintes aos da baixa.

CAPÍTULO V: RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 14. RESPONSABLES

As condutas das persoas usuarias, das persoas que ostentan unha figura de apoio xudicial ou gardador de feito, ou as persoas que accedan ao centro, cando poidan cualificarse como constitutivas das infraccións tipificadas neste regulamento poderán ser obxecto das sancións recollidas nel, sen menoscabo das sancións recollidas no resto do ordenamento xurídico.

Considéranse autores das infraccións a quen realice os feitos por se mesmos, conxuntamente ou a través de persoa interposta. Terán tamén a consideración de autoras as que cooperen na súa execución mediante unha acción ou omisión sen a cal a infracción non se puidese levar a cabo.

ARTIGO 15. INFRACCIÓNS LEVES

Consideraranse infraccións leves calquera incumprimento do regulamento de réxime interno ou das normas de funcionamento que, pola natureza ou gravidade, non se tipifiquen como graves ou moi graves.

ARTIGO 16. INFRACCIÓNS GRAVES

a) Non lle facilitar á Deputación de Lugo e ou á persoa responsable do centro os datos que se lle requiran ou falsear datos ou non comunicar a alteración das circunstancias ou dos requisitos que determinen o outorgamento ou a continuidade do servizo.

b) O incumprimento do regulamento de réxime interno ou das normas de funcionamento cando ocasionen prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias, con especial mención a aquelas con dependencia física ou que adoezan de deterioro cognitivo, ao persoal traballador ou equipamento do centro.

c) A reincidencia na comisión de infraccións leves.

ARTIGO 17. INFRACCIÓNS MOI GRAVES

a) Provocar desordes ou alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade da prestación.

b) A agresión física, o acoso ou os malos tratos que atenten gravemente contra os dereitos fundamentais do persoal do centro, o resto de persoas usuarias ou de persoas visitantes.

- c) Ocasionar danos ou subtraer bens do centro, doutras persoas usuarias, do persoal traballador ou, se é o caso, das persoas visitantes.
- d) A falta inxustificada de pagamento.
- e) A reincidencia na comisión de infraccións graves.

ARTIGO 18. REINCIDENCIA DE INFRACCIÓNS

Enténdese por reincidencia a comisión dunha infracción logo de que a persoa responsable, á que se refire o artigo 14, fose sancionada, mediante resolución administrativa firme, por esa mesma infracción ou por outra de gravidade igual ou maior ou por dúas ou máis infraccións de gravidade inferior.

ARTIGO 19. SANCIÓN

As infraccións sancionaranse da forma seguinte:

a) Infraccións leves:

- Apercibimento público.
- Suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restrición na participación nalgunhas actividades, por un período non superior a quince días.
- Suspensión dos dereitos de participación da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito nas actividades ou dinámicas do centro e da libre circulación no mesmo, por un período non superior a quince días.

b) Infraccións graves:

- Suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restrición na participación nalgunhas das actividades, por un período non superior a seis meses.
- Suspensión dos dereitos de participación da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito nas actividades ou dinámicas do centro e da libre circulación no mesmo, por un período non superior a seis meses.
- Suspensión temporal da prestación do servizo, por un período non superior a tres meses.

c) Infraccións moi graves:

- Suspensión temporal da prestación do servizo, por un período non superior a seis meses.
- Suspensión dos dereitos de participación da persoa figura de apoio xudicial legal ou gardadora de feito nas actividades ou dinámicas do centro e da libre circulación no mesmo.
- Traslado temporal ou definitivo a outro centro.
- Revogación da adxudicación da praza temporal ou definitivamente.
- Revogación da adxudicación da praza con inhabilitación para o acceso a calquera outro Centro de Atención a Persoas Maiores da Deputación de Lugo

ARTIGO 20. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

O órgano competente para iniciar, resolver, ou adoptar medidas provisionais necesarias no procedemento para asegurar a eficacia da resolución final que poida recaer, de conformidade co previsto no Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.

A resolución que poña fin ao procedemento sancionador será motivada e resolverá todas as cuestións pertinentes suscitadas no expediente

1. No caso de infraccións leves e graves a iniciación do procedemento corresponderá á persoa titular da xefatura de servizo competente por razón da materia competente en materia de servizos sociais Deputación de Lugo. A instrución será realizada polo persoal funcionario da Deputación de Lugo designado para o efecto, e para a resolución do procedemento será competente á Presidencia da Deputación de Lugo.

2. Nos casos de infraccións moi graves a iniciación do procedemento corresponderá á persoa titular da xefatura de servizo competente por razón da materia da Deputación de Lugo. A instrución corresponderá ao persoal funcionario da Deputación de Lugo designado para o efecto. Instruído o procedemento e previa audiencia da persoa presuntamente infractora, emitirase unha proposta de resolución que se lle notificará á persoa interesada. A resolución do procedemento corresponderá á Presidencia da Deputación de Lugo

En todo caso, o procedemento sancionador polas infraccións tipificadas nesta ordenanza axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, á Lei 7/1985, de 2 de abril, de Reguladora das Bases do Réxime Local e ao Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.

ARTIGO 21. PRESCRICIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

As infraccións cometidas prescribirán ao cabo dun, tres ou catro anos desde a data da súa comisión, segundo se cualificasen como leves, graves ou moi graves, respectivamente. Para o caso de que a infracción teña carácter continuado no tempo, o referido prazo de prescripción comezará a contar desde a data na que tivese lugar a completa finalización da actividade infractora.

As sancións prescribirán ao cabo dun, catro e cinco anos desde a súa imposición firme na vía administrativa, segundo se cualifiquen como leves, graves ou moi graves, respectivamente, agás no caso de revogación da adxudicación da praza con inhabilitación para o acceso a calquera outro Centro de Atención a Persoas Maiores da Deputación de Lugo.

CAPÍTULO VI: PREZO DOS SERVIZOS**ARTIGO 22. SUPOSTO DE FEITO E OBRIGADO/A AO PAGAMENTO DOS SERVIZOS.**

A persoa usuaria estará obrigada ao pagamento do prezo público que se regula conforme ao establecido na Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, as persoas físicas que utilicen ou se beneficien do servizo e actividades prestadas ou realizadas no servizo de atención residencial nos centros de atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, cando sexa de tracto sucesivo con execución continuada ou periódica e, en todo caso, dende a data da ocupación efectiva da praza ou momento de inicio da súa prestación.

Nos supostos de persoas con modificación da capacidade de obrar segundo se recolle na Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, a persoa obrigada ao pagamento será o/a gardador/a de feito que preste apoio, a cal deberá achegar a resolución xudicial, en caso de que houber.

As persoas usuarias do servizo ao abeiro da modalidade excepcional achegarán o importe correspondente ao custo de referencia do servizo, sendo este importe o prezo público para a persoa usuaria, conforme ao disposto Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, ou normativa que a substitúa e/ou complemente. En todo caso esta participación poderá modificarse e aplicarse en relación á capacidade económica sen supoñer un cambio na modalidade de acceso.

ARTIGO 23. RÉXIME XURÍDICO DE PARTICIPACIÓN NO CUSTE DOS SERVIZOS.

A participación da persoa usuaria no custo dos servizos terá a cualificación de prezo público, sendo o seu réxime xurídico o establecido na ordenanza de prezo público aprobada a tal efecto, así como, no establecido polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A determinación da capacidade económica e as súas normas serán as recollidas na Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, ou normativa que a complemente ou substitúa.

ARTIGO 24. PAGAMENTO DO PREZO PÚBLICO.

1. A recadación da achega económica mensual realizarase mediante a domiciliación nunha conta corrente de titularidade da persoa usuaria que se atope aberta nunha entidade de crédito, por meses vencidos. O pago entenderase realizado na data do cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que a tal efecto expida a entidade de crédito.

2. No suposto de devolución do recibo á entidade emisora, a Administración practicará a correspondente liquidación da débeda co contido que determina o artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que será notificada nos termos establecidos na Sección 3.ª do Capítulo II do Título III da devandita Lei.

3. Expedirase pola Deputación de Lugo a correspondente liquidación na que se expresarán separadamente cada un dos conceptos liquidados, reflectindo cando menos:

- Identificación da administración que presta o servizo.
- Identificación da persoa usuaria.
- Natureza do ingreso e normativa de aplicación.
- Elementos que configuran a débeda e cantidade que se debe ingresar.
- Os medios de impugnación que proceda, indicando os prazos e os órganos ante os que se deben interpoñer.

ARTIGO 25. REVISIÓN DE PREZOS

O custo de referencia do servizo (Crs) será establecido pola fixación do custo real do servizo prestado na totalidade dos CAMS de xestión directa da Deputación de Lugo, determinado por persoa usuaria, diferenciado por modalidade de autonomía ou dependencia. Esta determinación será realizada en base ao cálculo das liquidación anuais dos centros de atención a persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, así como de consideracións

socias, sendo de xeito final aprobada por Acordo da Xunta de Goberno e expoñéndose no taboleiro de anuncios do centro.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA: O centro non se fai responsable da perda de obxectos por parte das persoas usuarias que non fosen depositados en dirección para a súa custodia.

SEGUNDA: En todo o non previsto neste Regulamento, o centro rexerese pola vixente normativa vixente de aplicación.

TERCEIRA: No caso de que o centro conte con prazas concertadas coa Administración Autonómica, estas rexeranse, en todo caso, polas condicións establecidas nos contratos asinados coa Administración, así como polo disposto na normativa vixente ao respecto.

CUARTA: O centro ten a disposición das persoas usuarias e da súa figura de apoio xudicial e/ou gardadora de feito un libro de reclamacións, no que poderán formularse todas aquelas reclamacións ou queixas que contribúan a mellorar o servizo do centro e aquelas outras que estimen convenientes. Da queixa presentada entregarase unha copia ao interesado e a outra remitirase ao órgano competente da Consellería de Política Social.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As persoas usuarias que á entrada en vigor deste regulamento teñan a condición de persoas usuarias do servizo de atención residencial, nos centros que na actualidade xestiona a Deputación de Lugo de xeito directo mediante o sistema colaboración interadministrativa regulada nos Convenios Marcos, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e nos Convenios Específicos para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores, aplicaráselles o presente ordenanza dende a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Lugo, 16 de xuño de 2026.- A presidenta, P. D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1639

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

MODIFICACIÓN BASES

SELECCIÓN E PROVISIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 37 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Con data 29 de agosto de 2025, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 198, ás bases que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a selección e provisión por concurso-oposición de 37 prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Con data 22 de abril de 2026, publicouse no Boletín Oficial do Estado núm. 98, a Resolución do 14 de abril de 2026 do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, referente á convocatoria para prover diversas prazas, establecéndose un prazo de vinte días hábiles para a presentación de solicitudes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da citada resolución.

Celebrada Comisión Executiva do Consorcio Provincial de Lugo o 12 de xuño do 2026, co fin de garantir a seguridade xurídica, os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como a correcta aplicación dos criterios de valoración establecidos, detectouse a existencia dun erro material de carácter aritmético na determinación da puntuación máxima atribuíble nos méritos da fase de concurso, na que se acorda modificar as bases nos seguintes termos:

Onde di:

"FASE CONCURSO (Máximo 40 puntos)

A)EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 25 puntos)

1. Experiencia profesional como bombeiro/a nunha Administración Pública (Máximo 13 puntos)

A valoración prevista é de 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados, cun límite temporal de cinco anos naturais anteriores á convocatoria. Consecuentemente, a puntuación máxima acadable ascende a 12 puntos (0,20 x 60 meses), non sendo posible alcanzar os 13 puntos previstos.

4. Experiencia como voluntario/a rexistrado/a nunha agrupación de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistrada (Máximo 2 puntos)

A valoración prevista é de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, cun límite temporal de cinco anos. Consecuentemente, a puntuación máxima acadable ascende a 1,5 puntos (0,025 x 60 meses), non sendo posible alcanzar os 2 puntos previstos."

No apartado 1 e 4 da experiencia profesional, establécese unha valoración mensual limitada aos cinco anos naturais inmediatamente anteriores á convocatoria. Porén, a puntuación máxima consignada nas bases non resulta compatible coa puntuación que pode acadarse mediante a aplicación das regras de valoración previstas.

En consecuencia, ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a corrección do referido erro material, quedando os citados apartados redactados nos seguintes termos:

Debe dicir:

"FASE CONCURSO (Máximo 38,5 puntos)

A)EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 23,5 puntos)

1. Experiencia profesional como bombeiro/a nunha Administración Pública (Máximo 12 puntos)

4. Experiencia como voluntario/a rexistrado/a nunha agrupación de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistrada (Máximo 1,5 puntos)"

Onde di:

"Novena.- Cualificación do concurso oposición

Para a cualificación dos exercicios da oposición o tribunal axustarase ao establecido nas presentes bases, tomando como referencia que a puntuación máxima a obter na fase de oposición será de 60 puntos e na fase de probas físicas serán 40 puntos. As probas físico-profesionais cualificaranse como Apto/a ou Non Apto."

Debe dicir:

"Novena.- Cualificación do concurso oposición

Para a cualificación dos exercicios da oposición o tribunal axustarase ao establecido nas presentes bases, tomando como referencia que a puntuación máxima a obter na fase de oposición será de 60 puntos e na fase de probas físicas serán 38,50 puntos. As probas físico-profesionais cualificaranse como Apto/a ou Non Apto."

SEXTA.- Como consecuencia da corrección dos erros materiais e aritméticos detectados, o Anexo I bis (Solicitud de admisión ás probas selectivas), resultaría:

ANEXO I BIS –SOLICITUDE

SOLICITUDE ADMISIÓN PROBAS SELECTIVAS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA CUBRIR 37 PRAZAS DE BOMBEIRO CONDUTOR VACANTES NO CONSORCIO DE BOMBEIROS DE LUGO. (SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN)

RESUMO (máximo 38,5 puntos)	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal
A) Experiencia profesional: máximo 23,5 puntos		
C) Formación: máximo 15 puntos.		
TOTAL		

A.1) EXPERIENCIA PROFESIONAL: Como bombeiro/a na Administración Pública (Máx. 12 puntos).

Posto de traballo	Empregador	Data Inicio	Data Fin	% Xornada	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal
TOTAL						

A.2) EXPERIENCIA PROFESIONAL: Como bombeiro/a en empresas privadas (Máx. 7 puntos).

Posto de traballo	Empregador	Data Inicio	Data Fin	% Xornada	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal
TOTAL						

A.3) EXPERIENCIA PROFESIONAL: Como bombeiro/a nun servizo de emerxencias supramunicipal (Máx. 3 puntos):

Posto de traballo	Empregador	Data Inicio	Data Fin	% Xornada	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal
TOTAL						

A.4) EXPERIENCIA PROFESIONAL: Como voluntario/a inscrito/a nunha agrupación de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistrada (Máx. 1,5 puntos):

Posto de traballo	Agrupación Voluntarios Protección Civil	Data Inicio	Data Fin	% Xornada	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal
TOTAL						

C) FORMACIÓN. Máximo de 15 puntos

C.1) FORMACIÓN: Curso de novo ingreso para calquera servizo de prevención e extinción de incendios do estado español expedido por empresas prestadoras do servizo para calquera administración (Máx. 6 puntos):

Titulación/ Curso	Centro de Impartición	Horas	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal

C.2) FORMACIÓN: certificado de profesionalidade ou titulación universitaria que acredite a súa cualificación profesional como bombeiro, técnico en emerxencias protección civil, técnico superior en coordinación de emerxencias e protección civil ou titulación equivalente (Máx. 3 puntos):

Titulación/ Curso	Centro de Impartición	Horas	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal

C.3) FORMACIÓN: Por cursos de formación relacionados directamente coas tarefas do posto de traballo de bombeiro/a de duración mínima 30 horas, outorgaranse 0,50 puntos por curso ata un máximo de 4,00 puntos. Deberán estar organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, universidades, escolas das Administracións públicas, mutuas colaboradoras da Seguridade Social (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua) ou impartidos ou homologados pola AGASP. (Máx. 3 puntos):

Titulación/ Curso	Centro de Impartición	Horas	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal

C.4) FORMACIÓN: Pola posesión do título de patrón/a de embarcacións (P.E.R ou P.N.B) e curso de intervención en himenópteros, outorgarase 0,50 puntos por cada un, ata un máximo de 1 punto (Máx. 1 puntos):

Titulación/ Curso	Centro de Impartición	Clase	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal

C.5) FORMACIÓN: Por estar en posesión dos seguintes carnés: D, 1 punto. E, 1 punto. (Máx. 2 puntos):

Titulación/ Curso	Centro de Impartición	Clase	Puntuación alegada	Puntuación do tribunal

Lugo, 15 de xuño de 2026.- O secretario-interventor do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1625

Anuncio

MODIFICACIÓN BASES

PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, EN TRES PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A DE XESTIÓN, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN

Con data 21 de abril de 2026, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 089, ás bases que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a selección e provisión de tres prazas de Técnico/a de Xestión, pertencente á escala de Administración Xeral, subescala Técnica, acceso libre, polo sistema de oposición, do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Detectado un erro material de transcripción no ANEXO I, -PROGRAMA-PARTE ESPECÍFICA na numeración do temario a partires do tema número 17, a Comisión Executiva do Consorcio Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 12 de xuño do 2026, acorda modificar as bases nos seguintes termos:

Onde di:

"Tema 19. Cálculo, confección e devengo das Retribucións salariais e seguros sociais

Tema 20. O persoal do Consorcio: A Relación de Postos de traballo do Consorcio. I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento

Tema 21. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: Dereito á protección fronte aos riscos laborais. Principios da acción preventiva. Equipos de traballo e medios de protección. Formación dos traballadores. Medidas de emerxencia. Vixilancia da saúde

Tema 22.- Organización. Funcionamento e competencias dos órganos colexiados do Consorcio. Competencias dos órganos unipersoais do Consorcio.

Tema 23.- Instalacións e edificios do Consorcio. Os parques comarcais. Situación e características.

Tema 24. A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Organización administrativa e competencias. Distribución das responsabilidades públicas na materia de protección civil e xestión de emerxencias."

Debe dicir:

"Tema 18. Cálculo, confección e devengo das Retribucións salariais e seguros sociais

Tema 19. O persoal do Consorcio: A Relación de Postos de traballo do Consorcio. I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento

Tema 20. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: Dereito á protección fronte aos riscos laborais. Principios da acción preventiva. Equipos de traballo e medios de protección. Formación dos traballadores. Medidas de emerxencia. Vixilancia da saúde

Tema 21.- Organización. Funcionamento e competencias dos órganos colexiados do Consorcio. Competencias dos órganos unipersoais do Consorcio.

Tema 22.- Instalacións e edificios do Consorcio. Os parques comarcais. Situación e características.

Tema 23. A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Organización administrativa e competencias.

Tema 24. A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Distribución das responsabilidades públicas na materia de protección civil e xestión de emerxencias."

Lugo, 15 de xuño de 2026.- O secretario-interventor do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1626

CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

Aprobación definitiva desafectación dun tramo do camiño público de Faxilde -A Pumarega . Exte 140/2024

Despois de quedar definitivamente aprobado o acordo do pleno do Concello de data 28 de maio de 2026 faise público para xeral coñecemento a desafectación do tramo do camiño público de Faxilde identificado coa referencia catastral 27011A122090370000TI na superficie de 72 m2, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial

Castroverde, 11 de xuño de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1647

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm. 4/2026

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2026. aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 04/2026, na modalidade de crédito extraordinario.

Así mesmo, acordouse a modificación do anexo de inversións e bases de execución do orzamento do exercicio 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 11 de xuño de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1648

MONDOÑEDO

Anuncio

Rendida a Conta Xeral para o exercicio 2025 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 15 de xuño do 2026, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican exponse ao público na Secretaría-Intervención municipal, polo prazo de 15 días hábiles que computaranse a partires do día seguinte da publicación do seguinte anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais.

Mondoñedo, 15 de xuño de 2026.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1629

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA MAIO 2026

Por Xunta de Goberno Local do día 08.06.2026 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de MAIO de 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 26.06.2026 ata o 26.08.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 11 de xuño de 2026.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1630

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 04/06/2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de MAIO de 2026, polo importe total de 3.095,93 €.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 15 de xuño de 2026.- O alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1631

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA.- SAF MAIO 2026

Por Resolución de Alcaldía núm. 2026-0188, de data 12.06.2026, procedeuse á aprobación do Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado polos/as interesados/as nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva, en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

A Pobra do Brollón, 12 de xuño de 2026.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1632

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE MAIO 2026.

Por Resolución de alcaldía de 11 de xuño de 2026, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes,entendéndose definitivamente aprobadas se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 9 de xullo de 2026 ao 9 de setembro 2026**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 9 de xullo de 2026 ao 9 de setembro de 2026**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal da **Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado éste, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina

A Pontenova, 12 de xuño de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1633

VIVEIRO

Anuncio

Aprobados por Resolución da Alcaldesa, de 12 de xuño de 2026, os padróns correspondentes a 2026 dos seguintes tributos:

- **Padrón IBI Urbana**
- **Padrón IBI Rústica**
- **Padrón BICE**

Conforme ó disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, este anuncio ten carácter de notificación colectiva e ábrese un período de exposición pública por prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Sra. Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza:

Apertura do período voluntario de recadación

De acordo co previsto no artigo 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- 1) O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será dende o día 01 de xullo ata ó 01 de setembro de 2026, ambos inclusive.
- 2) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca Corporación Bancaria SA , dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 01 de Agosto na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- 3) A domiciliación do Imposto sobre bens inmobles de natureza Urbana implicará o seu fraccionamento en tres períodos, excepto os recibos de importe igual ou inferior a 20€ que se pasaran o cobro nun único recibo . O primeiro cargo realizarase ó 06 de Xullo polo importe do 33,33% do recibo, o segundo cargo ó día 07 de setembro polo importe do 33,33% do recibo e o terceiro cargo o día 6 de novembro polo restante 33,33% do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo e terceiro cargo

- 4) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación.
- 5) Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario, iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Viveiro, 12 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1634

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2026/CE/01

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario 2026/CE/01 por importe de 81.512,33 euros, por acordo adoptado na sesión celebrada o 13/05/2026, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuada a oportuna modificación, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR (€)	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA (€)
A) OPERACIÓNS CORRENTES			
1	Gastos de persoal	759868,92	759868,92
2	Gastos en bens correntes e servizos	1310916,8	1310916,8
3	Gastos financeiros	1175	1175
4	Transferencias correntes	73319,69	73319,69
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	Investimentos reais	730926,4	812438,73
7	Transferencias de capital	855	855
9	Pasivos financeiros	7908,02	7908,02
TOTAL GASTOS		2884969,83	2966482,16

Xermade, 17 de xuño de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1649